

# **Diplomatario galego de Afonso X**

Francisco Javier Pérez Rodríguez  
Universidade de Vigo

DOI: [10.17075/gtax.2021.002](https://doi.org/10.17075/gtax.2021.002)



Fronte ás coleccións documentais dos monarcas inmediatamente anteriores, tanto no reino de León como no de Castela —Fernando II (1943), Sancho III (1980) e Afonso VIII (1960), Afonso IX (1944) e Fernando III (1980)—, editadas por Julio González, a de Afonso X aínda está por facer. O intento máis ambicioso sobre a súa documentación é a *Documentación e itinerario de Afonso X el Sabio*, de Manuel González Jiménez e María Antonia Carmona Ruiz (2012), que sucede á recompilación feita décadas antes por Antonio Ballesteros Beretta, en 1963. Nelas, e especialmente na primeira, ofrécese o rexesto dos diplomas emanados da chancelaría rexia, se ben con certas incorreccións no que se refire, cando menos, á documentación galega. En canto á edición documental cabe destacar os *Textos y concordancias de Documentos castellanos de Afonso X*, obra de María Teresa Herrera, María Nieves Sánchez, María Estela González de Fauve e María Purificación Zabia, publicada en CD-ROM en 1999, así como o *Diplomatario andaluz de Afonso X* de Manuel González Jiménez (1991), obra de importancia capital ao compilar o enorme número de documentos do reinado que fan referencia a Andalucía.

Recollendo o título dado por González Jiménez, a nosa intención é bastante menos ampla porque neste traballo non se presentan as transcricións documentais, senón só os rexestos dos diplomas dirixidos por don Afonso ao reino de Galicia ou, nalgún caso, a galegos que reciben bens fóra dela. Trátase de presentar dun xeito ordenado este conxunto documental, pois os erros e as incorreccións son relativamente frecuentes á hora de citalos en diversas obras que, directa ou indirectamente, tratan sobre o reinado de Afonso X en Galicia. A meirande parte deles están editados, se ben non todos publicados, como ocorre, por exemplo, cos correspondentes ao mosteiro de Santa María de Melón, transcritos en 1957 na tese de doutoramento de Segundo Cambón Suárez, aínda inédita. Teño comprobado a maior parte das citas arquivísticas dos documentos citados, como pode comprobarse no aparato crítico correspondente, se ben hai algúns diplomas dos que non se sabe onde se atopan na actualidade, como os correspondentes ao antigo arquivo do mosteiro de San Vicente de Monforte, recollidos por Ballesteros. Por outra banda, e para facilitar a consulta, inclúo o rexesto de certos documentos que, citados en certas obras, non son tales senón que nelas se errou na data ou non foi dado pola chancelaría do Sabio; para evitar contabilizalos como documentos propios desta, inclúense no lugar que cronoloxicamente lles corresponde pero numerándoos como bis. Si que foron numerados os dous que considero falsos.

Ademais, recóllense neste diplomatario os documentos expedidos polos infantes don Fernando e don Sancho, aínda que deste último só ata antes da súa revolta contra o seu pai en 1282. Deste ano só recollo o n.º 223, doazón do infante a don Paio Gómez Chariño que se datou en febreiro dese ano, co que sería anterior ao levantamento de don Sancho, cando, en realidade, debe ser posterior<sup>1</sup>.

Volvendo á documentación, e no que a Galicia se refire, a chancelaría do Rei Sabio ten un claro parecido respecto ao acontecido no reinado anterior, o do seu pai Fernando III. Os gráficos 1 e 2 demostran como foi nos cinco primeiros anos de ambos os dous reinados cando se concentra o maior número de documentos<sup>2</sup>.




Gráfico 1: Tipo de documentos emitidos pola chancelaría de Fernando III (1230-1252) referentes ao reino de Galicia.

1 Quero agradecer aos coordinadores deste volume, así como ao Consello da Cultura Galega, que me permiten publicar este traballo, que coído que é importante para establecer os documentos expedidos por Afonso X que fan referencia a Galicia ou aos galegos. Todo o meu agradecemento tamén a Francisco J. Hernández polas súas anotacións ás versións previas deste traballo.

2 Nos gráficos non se teñen en conta os documentos da etapa de don Afonso como infante nin os emitidos polos seus fillos Fernando e Sancho, e tampouco os n.º 129, 141, 150, 172, 215 e 217 por non afectar directamente a Galicia, aínda que teñen relación con ela; así, por exemplo, os n.º 141 e 150 tratan da fixación da fronteira entre os reinos de León e Galicia co de Portugal.



Gráfico 2: Tipo de documentos emitidos pola chancelaría de Afonso X (1230-1252) referentes ao reino de Galicia.

Tal concentración débese ao enorme número de confirmacións feito, sobre todo a entidades eclesiásticas, particularmente mosteiros. Trátase dun fenómeno que non afecta só a Galicia senón ao conxunto da Coroa e que, como estudou M. Kleine (2015: 162-163), se ben estas confirmacións adoitan facerse ao principio dos reinados, no caso de Afonso X atrasase ata 1255 por mor, sobre todo, da necesidade de rematar o repartimento de Sevilla.

Por outra banda, o reinado de don Afonso aparece como continuidade do de Fernando III na esfera xudicial. Unha vez conquistada Sevilla, en 1248, don Fernando emitiu unha serie de sentenzas que van ser capitais, sobre todo para as relacións de certas cidades coas catedrais que eran as súas señoras, en concreto Tui e Santiago de Compostela. O Sabio acabaría con longos procesos xudiciais abertos en tempos do seu pai, aínda que participará como xuíz en bastantes máis que se prolongan durante o seu goberno. Hai tamén que sinalar que don Afonso non emitiu ningún documento a persoas ou entidades galegas unha vez que o infante don Sancho se rebelou a mediados de 1282.

A documentación conservada é maioritariamente eclesiástica, sendo os arquivos catedralicios e monásticos onde permaneceron a gran maioría dos diplomas. Só unha pequena porcentaxe é municipal, destacando os forais concedidos a Santa Marta de Ortigueira e a Pontedeume.

## SIGLAS

48

- AA: Arquivo do Mosteiro de San Paio de Antealtares. Santiago de Compostela.  
ACLe: Arquivo da Catedral de León. León.  
ACLu: Arquivo da Catedral de Lugo. Lugo.  
ACMd: Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Mondoñedo.  
ACOu: Arquivo da Catedral de Ourense. Ourense.  
ACSC: Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.  
ACT: Arquivo da Catedral de Tui. Tui.  
ADA: Arquivo Diocesano de Astorga, Astorga.  
AHMAC: Arquivo Histórico Municipal da Coruña. A Coruña.  
AHPL: Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Lugo.  
AHPOu: Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Ourense.  
AHUSC: Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.  
AMOV: Arquivo Municipal de Oviedo. Oviedo.  
AMSCS: Arquivo do Mosteiro de San Clemente de Sevilla. Sevilla.  
ANTT: Arquivo Nacional da Torre do Tombo. Lisboa.  
ARCV: Arquivo da Real Chancelaría de Valladolid. Valladolid.  
ARG: Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.  
BCPMHAO: *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense.*

## REXESTOS DOCUMENTAIS

### 1

1246, agosto, 15. Zamora.

*O infante don Afonso [X] doa á Orde de San Xoán do Hospital a terra de Páramo, na «honor» de Sarria, «como la tovo siempre ricomme».*

B. AHN, Órdenes Militares, Carp. 568, n.º 18-R. En confirmación de Afonso X, xa rei, de 14 de outubro de 1255. Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1061 (n.º 25); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 98 (n.º 22). Ed.: García Tato 2004: 180 (n.º 79).

### 2

[1252-1284]

*A petición do seu abade, Afonso X concede ao mosteiro de Santa María de Monfero as peitas reais dos vasalos do cenobio para a obra do mosteiro, salvo os do ano en curso, que serán recadados por dous homes bos nomeados polo abade, e ordena a Nuno Pérez, xuíz de Pruzos, e a Men Rodríguez de Pontedeume que supervisen o cobro do imposto e o seu gasto na obra da igrexa.*

B. AHN, Clero, Carpeta 505, n.º 12. En confirmación de Sancho IV de 9 de febreiro de 1285 en confirmación deste mesmo monarca de 9 de febreiro de 1285 e novamente en 1 de maio de 1293 en confirmación de Fernando IV de 26 de xullo de 1306 en confirmación de Afonso XI de 25 de xuño de 1313; en traslado desta última confirmación realizado o 9 de xaneiro de 1316 por García Pérez, notario dos coutos de Monfero.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 355 (n.º 822).

Ed.: Gaibrois de Ballesteros 1922-1928: t. 3, 31-32 (n.º 49).

Na primeira confirmación da doazón e orde, a realizada por Sancho IV en 1285, resúmese, sen data, e dun xeito algo confuso posto que pode entenderse que o que se atribúe a Afonso X pode ter sido obra de Fernando III pois, se ben parece indubidable que o diploma que se confirma é obra de Afonso X, que nel se diga que o abade de Monfero *mostróme una carta del rey don Alfonso, mio padre*, permite pensar que un dos numerosos copistas das sucesivas confirmacións cambiara *Fernando* por *Afonso*. Sería necesario datar ao xuíz de Pruzos, Nuno Pérez, e a Men Rodríguez de Pontedeume para datar correctamente a carta e confirmar a súa autoría.

### 3

[1252-1284]

*Afonso X exime de pedido ao mosteiro de San Salvador de Lérez porque este estaba «muy pobre e mucho endeudado».*

B. AHN, Clero, Carpeta 1787, n.º 13. En confirmación de Sancho IV de 20 de novembro, sen ano, en confirmación de Fernando IV de 1299 en confirmación de Afonso XI de 8 de novembro de 1329.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 355 (n.º 821).

4

[1252-1284]

*Afonso X ordena pescudar para descubrir se o mosteiro de Santa María de Xunqueira de Ambía debe pagar xantar ao rei.*

Ed.: Crespo Pozo 1964-1966: 258-259 e 447-448.

5

[1252-1284]

*Afonso X, tras ordenar a investigación e recibila, confirma os privilexios do Concello da terra de Dozón.*

B. Museo de Pontevedra, Col. Sampedro, C. 29-12. En confirmacións de Fernando IV, Xoán II, Enrique IV e os Reis Católicos recollidas na feita por Carlos III o 6 de marzo de 1767.

Rex.: Miramontes Castro 1996: 120 (n.º 15).

Ed.: Fernández de Viana y Vieites 2009: 101 (n.º 79).

Fóra da confirmación de 1767, dá noticia desta confirmación Pedro Pérez de Lama de Dozón, primeira testemuña na investigación realizada polo xuíz de Búbal e Castela no preito que enfronta ao mosteiro de Vilanova co Concello de Dozón, quen conta como, tras romper os portugueses a arca na que se gardaban os documentos do Concello, custodiada na igrexa de Santa María de Dozón, en tempos de Fernando II, os do couto *pareceran con el* –Vasco López– *ante el rey don Afonso, a quien Dios perdone, padre del don Sancho, e que el rey lo mando inquerir se obiera y tal previllejo [...] e dis que vista el rey la pesquisa que les confirmó estas cosas como sobredicho es por otro previllejo.*

6

1252, outubro, 15. Sevilla.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Sobrado a confirmación xenérica dos seus privilexios realizada por Fernando III o 24 de novembro de 1230, que inclúe.*

B. AHN, Clero, Carpeta 542, n.º 1. En traslado notarial realizado no século XIV.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 308-309 (n.º 717); Ballesteros Beretta 1984: 1062 (n.º 46); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 104 (n.º 65).



## 7

1252, novembro, 16. Badajoz.

*Afonso X confirma as sentenzas dadas por Fernando III o 12 de xullo de 1250 en: 1) o preito entre o arcebispo de Santiago de Compostela e os homes da terra que se negaban a pagar «maniadgo», ditaminando a favor do primeiro e ordenando que se pague salvo naqueles lugares que poidan demostrar a súa exención; e 2) o preito entre a Igrexa de Santiago de Compostela e varios carniceiros da cidade de Santiago sobre a renda que a primeira esixe aos segundos de varias mesas na carnizaría, resolvendo a favor da Igrexa e ordenando que os carniceiros paguen a renda esixida.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 120v-121r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 307; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 105 (n.º 72).

Ed.: González Balasch 2004: 322 (n.º 160).

## 8

1252, novembro, 18. Badajoz.

*Afonso X sentencia que o mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro non debe entregar a El-Rei o animal de carga que o seu pai, Fernando III, lle demandara, segundo demostrou a investigación feita ao respecto polo bispo de Lugo don Miguel.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1784, n.º 13. Orixinal. Pergameo, 204 x 193 mm.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 309 (n.º 718); Buján Rodríguez 1996: 304 (n.º 236); Lucas Álvarez 1999: 944 (n.º 102); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 105 (n.º 71).

Ed.: Lucas Álvarez 1958: 562-563 (n.º 75); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 1r.

## 9

[1252, novembro, 26]. Badajoz.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Montederramo a orde dada por Fernando III o 11 de agosto de [1241], que inclúe, de que non se cobre imposto ningún aos bens que sexan para sustento do cenobio.*

B. ACOu, Monacais, n.º 679. En confirmación de Fernando IV de 1 de abril de 1302.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 59 (n.º 679); Duro Peña 1972: 96 (n.º 321).

Ed.: Lorenzo 2016: 737 (n.º 568).

**10**

1252, decembro, 3. Mérida.

*Afonso X confirma á Igrexa de Santiago de Compostela os diplomas seguintes de Afonso IX, que inclúe; 1) decreto sobre os «iuniores» que poden ir poboar unha vila real, sen data; 2) sentenza que obriga aos homes de Bama a dar ao arcebispo compostelán o mesmo foro de froito que de pan, de 3 de maio de 1225; 3) orde aos habitantes da Terra de Santiago de dar «vida» e cebada aos tenentes da terra, sen data; 4) procuracións que deben pagarse ao pertegueiro e aos cabaleiros da Terra de Santiago, sen data; 5) orde de que os habitantes da Terra de Santiago dean colleita ao arcebispo compostelán cuando vaia por ela, de 14 de xuño de 1229; e 6) decreto sobre o tránsito de veciños entre as terras de reguengo e as de señorío compostelán, de 22 de marzo de 1215.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 77r-78v. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 307; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 106 (n.º 76).

Ed.: González Balasch 2004: 230-231 (n.º 109).

**11**

1253.

*Afonso X concede a don Fernando Rodríguez de Castro a aldea de Villanueva Nogachet, rebautizada «Castro», no Aljarafe de Sevilla, cos seus muíños de aceite, salvo a trintena debida a El-Rei, e coa obriga de manter un home con cabalo e armas.*

B. AHN, Clero, Carpeta 3441, n.º 8. En confirmación de Sancho IV de 3 de xuño de 1287 en confirmación de Fernando IV de 22 de novembro de 1304.

Rex.: González Jiménez 1991: 107 (n.º 109bis); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 107 (n.º 86).

**12**

1253, xaneiro, 26. Sevilla

*Alfonso X, «por le fazer bien e por le fazer en ello gran merced», retira a don Munio Fernández de Rodeiro da meirindade maior de Galicia, que desempeñara nos tempos do seu pai, Fernando III, e del mesmo ata agora, ordenando que ninguén demande nada ao cabaleiro por mor dese cargo, pois don Munio deu por fiadores a don Nuno González, ao pertegueiro de Santiago don André Fernández, a don Gonzalo Eanes de Nóvoa e a si mesmo, co que «quantas malfetrias yo fallare por uerdat que fiço el et los sus merinos en Galicia» serán xulgadas polo mesmo rei.*

Reg.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 108 (n.º 96).

Ed.: López Ferreiro 1895: 358.

López Ferreiro remite ao AHN, ao fondo procedente do mosteiro de Santa María de Ferreira de Pallares, onde non se atopa na actualidade ou, cando menos, non foi recollido por Rey Caíña 1985.

### 13

1253, febreiro, 15. Sevilla.

*Afonso X envía ao arcebispo de Santiago de Compostela e aos homes e cabaleiros da Terra de Santiago o caderno das Cortes de Sevilla de 1253.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 97r-101r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 307; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 110 (n.º 105).

Ed.: López Ferreiro 1895: 363-388; González Balasch 2004: 271-285 (n.º 127).

### 14

1253, xullo, 7. Sevilla.

*Afonso X confirma o privilexio concedido polo seu pai, Fernando III, o 3 de novembro de 1238 a don Xoán Arias, electo de Santiago de Compostela, polo que, durante súa vida, exime do pago de todo tributo real a todos os seus vasallos que vivan desde o Esla ata a Transerra.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 42rv. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 307; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 118 (n.º 160).

Ed.: González Balasch 2004: 161 (n.º 56).

### 15

1253, setembro, 8. Sevilla.

*Afonso X sentencia no preito entre a Igrexa compostelá e o Concello de Santiago de Compostela, respondendo a cada unha das denuncias interpostas, deixando algunha delas pendente ata que se achegue a documentación requirida.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 21v-27r. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 307-308; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 121 (n.º 183).

Ed.: López Ferreiro 1895: 251-260.

**16**

1253, setembro, 26. Sevilla.

*Afonso X doa a don Xoán Arias, arcebispo de Santiago de Compostela, a aldea de Yugar, rebautizada como Santiago, cos seus muíños de aceite, mais vinte xugadas en Otier, no termo de Facialcázar.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 73r-74r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González González 1951: II, 313; Ballesteros Beretta 1984: 1063 (n.º 72); González Vázquez 1996: 308-309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 121-122 (n.º 188).

Ed.: González Jiménez 1991: 63-64 (n.º 67); González Balasch 2004: 223-225 (n.º 106).

**17**

1253, outubro, 23. Sevilla.

*Alfonso X ordena a don Ponce de Vale que non se cobren terzas ás igrexas de Asturias, León e Galicia que non as pagaban en tempos do seu pai, Fernando III.*

A. AHN, Carpeta 1577, n.º 11 bis.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 122 (n.º 195).

**18**

1254, febreiro, 10. Toledo.

*Afonso X confirma ao Concello da Coruña a confirmación de Fernando III de 1 de novembro de 1231, que inclúe, da concesión de Afonso IX do foral de Benavente e de dúas leguas de termo á vila de xuño de 1208.*

B. AHMAC, Privilexios Reales, n.º 1 [Desaparecido]. En confirmación de Sancho IV de 3 de setembro de 1286.

Ed.: González Garcés 2008: 466-467; Barral Rivadulla 1998: 387-388 (n.º 1).

**[18bis]**

1254, marzo, 12. Toledo.

*«Carta de Afonso X á catedral de Santiago de Compostela».*

Rexestado por González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 133 (n.º 271), no ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 35, trátase da orde aos recadadores do reino de León para que respecten o costume existente en tempos de Afonso IX en Toro e nas súas aldeas para pagar a moeda foreira; é, pois, o mesmo documento que rexestan como n.º 272. No *Tumbillo* esténdese entre os folios 35r e 36r.

## 19

1254, marzo, 18. Toledo.

*Afonso X ordena aos colledores da moeda no bispado lucense que cobren o dito tributo en Lugo e na súa meirindade do xeito en que adoitaba facerse en tempos de Afonso IX.*

A. ACLu, Atado 5, n.º 83. Orixinal. Pergameo.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 309 (n.º 721); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 134 (n.º 282).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA Iv; Cañizares del Rey 2015: 252 (n.º 421).

## 20

1254, novembro, 6. Burgos.

*Afonso X concede a súa protección a todos os peregrinos que viaxen polos seus reinos, en especial aos que van a Santiago de Compostela, e dita certas disposicións sobre eles, como a posibilidade de que fagan testamento.*

A. ACLe, Pergaminos, n.º 9280. Orixinal. Pergameo, 220 x 240 mm.

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 37rv. En traslado realizado por Andrés Pérez e Alfonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 147 (n.º 369 e 370).

Ed.: Ruiz Asencio 1993: 217-218; González Balasch 2004: 151-152 (n.º 48).

## 21

1254, novembro, 29. Burgos.

*Afonso X comunica ás distintas autoridades do Camiño de Santiago que estableceu a forma en que os peregrinos a Santiago de Compostela poden realizar os seus testamentos –facendo referencia ao seu estatuto de 6 de novembro de 1254– e que enviou tres cartas chumbadas ás catedrais de Burgos, León e Santiago de Compostela, e ordena que cumpran o nelas establecido.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 111rv. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 148 (n.º 375).

Ed.: González Balasch 2004: 306-307 (n.º 148).

## 22

1254, decembro, 8. Burgos.

*Afonso X confirma á Igrexa de Santiago de Compostela a confirmación de Fernando III de 8 de agosto de 1218 da exención á vila de Ledigos, de señorío compostelán, de todo tributo rexio, que se entregará á Igrexa de Santiago de Compostela, tal e como lle fora concedido por Afonso VIII.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 111rv. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela, da confirmación de Sancho IV de 28 de decembro de 1284.

Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 149 (n.º 386).

Ed.: González Balasch 2004: 316 (n.º 156).

## 23

1254, decembro, 11. Burgos.

*Afonso X confirma á Igrexa de Santiago de Compostela a confirmación de Fernando III de 2 de novembro de 1238, que inclúe, da exención do pago de portádego no reino de Castela aos veciños de Ledigos, tal e como lle fora concedido por Afonso VIII.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 111rv. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela, da confirmación de Sancho IV de 28 de decembro de 1284.

Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 150 (n.º 395).

Ed.: González Balasch 2004: 316-317 (n.º 156).

## 24

1254, decembro, 14. Burgos.

*Afonso X doa ao mosteiro de Santa María de Meira o reguengo de Ribas de Sor.*

B. AHN, Carpeta 1135, n.º 2. En traslado notarial de 1362.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 310 (n.º 720); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 151 (n.º 397).

## 25

1255, xaneiro, 9. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Fernando III de 2 de abril de 1232, que inclúe, da doazón de Afonso IX do termo e reguengo entre o mosteiro e o río Brul coa metade do dito río e coas pesqueiras de Reza, no Miño, de novembro de 1200.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 3. Orixinal. Pergameo, 635 x 635 mm.

B. AHN, Códices, L. 323, ff. 56v-58r. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo Dourado*, ff. 72v-74r. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 310 (n.º 721); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 166 (n.º 514).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 520.

## 26

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Fernando III de 4 de abril de 1232, que inclúe, da doazón de Afonso IX do couto de Tielas, de 28 de abril de 1230.*

A. AHN, Sigilografía, C. II, n.º 2. Orixinal. Pergameo, 544 x 648 mm.

B. AHN, Códices, L. 325, ff. 143r-144r. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo Dourado*, ff. 72v-74r. Copia simple.

D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 278v. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 311 (n.º 722); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 166 (n.º 516).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 526.

## 27

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 25 de xuño de 1228, que inclúe, da confirmación que este mesmo monarca concedera o 23 de xuño de 1223 dos reguengos entregados ao cenobio por Afonso VII e Fernando II.*

B. AHN, Códices, L. 323, f. 49rv. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 311 (n.º 723); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 166 (n.º 517).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 522.

**28**

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Fernando III de 28 de maio de 1231, que inclúe, da confirmación realizada por Afonso IX o [23 de xuño de 1223] –sen copiar a data– dos reguengos concedidos ao cenobio por Afonso VII e Fernando II.*

A. ACOu, Monacais, Melón, n.º 728. Orixinal. Pergameo, 510 x 670 mm.

B. AHN, Códices, L. 323, f. 50rv. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo Dourado*, ff. 56rv. Copia simple.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 64 (n.º 728); Sánchez Belda 1953: 312 (n.º 724); Duro Peña 1972: 97-98 (n.º 325);

González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 167 (n.º 518).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 523.

**29**

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a doazón do reguengo de Francelos, que inclúe, realizada por Fernando II en xullo de 1176.*

A. ACOu, Monacais, Melón, n.º 685. Orixinal. Pergameo, 470 x 660 mm.

B. ACOu, Monacais, Melón, n.º 2150. Pergameo, 345 x 453 mm. En traslado realizado o 7 de setembro de 1329 por Estevo Martíz, notario de Tui.

C. AHN, Códices, L. 323, ff. 125r-126r. Copia simple.

D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 61rv. Copia simple.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 60 (n.º 685) [datándoo en 1252] e 191 (n.º 2150); Sánchez Belda 1953: 312 (n.º 725);

Duro Peña 1972: 96-97 (n.º 322); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 167 (n.º 519).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 524.

**30**

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 28 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón do monte Veduego e de Baíste feita por Afonso VII ao mosteiro de Santa María de Barcia o 28 de decembro de 1155.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 4. Orixinal, Pergameo, 467 x 575 mm.

B. AHN, Códices, L. 324, ff. 164r-165r. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo Dourado*, ff. 461v-463r. Copia simple.



D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 148v-149r. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 312-313 (n.º 726); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 166-167 (n.º 515 e 520) [Trátase do mesmo documento].

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 525.

### 31

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de xuño de 1228, que inclúe, da doazón de San Cibrao de Monterrei, Barcia, Cans e Santa Uxía de Vigo feita por Fernando II o 28 de decembro de [1159].*

A. ACOu, Monacais, Melón, n.º 730. Orixinal. Pergameo, 595 x 576 mm.

B. AHN, Códices, L. 325, ff. 342r-343r. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 285rv. Copia simple.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 64 (n.º 730); Sánchez Belda 1953: 313 (n.º 727); Duro Peña 1972: 97 (n.º 323); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 167 (n.º 521).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 527.

### 32

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 25 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón da décima parte das rendas reais do burgo de Ribadavia (Bonbou) realizada por Fernando II o 2 de novembro de 1172.*

A. ACOu, Monacais, Melón, n.º 729. Orixinal. Pergameo, 525 x 640 mm.

B. AHN, Códices, L. 323, ff. 32r-33r. Copia simple.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 64 (n.º 729); Sánchez Belda 1953: 313-314 (n.º 728); Duro Peña 1972: 97 (n.º 324); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 167 (n.º 518).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 521.

### 33

1255, xaneiro, 10. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 26 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón do monte de Bugariña realizada por Fernando II o 30 de outubro de 1185.*

B. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 279rv. Copia simple.  
Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 528.

### 34

1255, xaneiro, 12. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Fernando III de 20 de abril de 1232, que inclúe, da doazón da metade do décimo do celeiro de Castrelo de Miño realizada por Afonso IX, de 10 de xaneiro de 1202, na que o monarca toma así mesmo baixo a súa comenda e acouta todos os bens do cenobio.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 6. Orixinal, Pergameo, 445 x 590 mm.

B. AHN, Códices, L. 324, ff. 278r-279r. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 186v. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 314 (n.º 729); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 168 (n.º 526 e 530) [Trátase do mesmo documento].

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 529.

### 35

1255, xaneiro, 18. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 26 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón da metade da igrexa de Santa María de Arbo e o casal de Soutelo realizada por este mesmo monarca o 15 de abril de 1201.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 7. Orixinal, Pergameo, 438 x 496 mm.

B. AHN, Códices, L. 325, ff. 105r-106r. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 315v-316r. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 314-315 (n.º 730); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 170 (n.º 547).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 531.

### 36

1255, xaneiro, 18. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 24 de xuño de 1228, que inclúe, da renuncia que este mesmo monarca fixo a favor do mosteiro das viñas de Sanín o 26 de outubro de 1219.*

A. AHN, Sigilografía, C. 11, n.º 1. Orixinal, Pergameo, 438 x 608 mm. O fragmento que lle falta a este pergameo –a súa esquina superior esquerda– consérvase no ACOu, Monacais, Melón, n.º 6143.

B. AHN, Códices, L. 324, ff. 240v-241v. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 125rv. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 315-316 (n.º 731); Duro Peña 1972: 98 (n.º 326); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 171 (n.º 548).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 530.

### 37

1255, xaneiro, 18. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 24 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón dun casal en San Pedro de Retorta feita por este mesmo monarca o 20 de agosto de 1221.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 10. Orixinal, Pergameo, 548 x 570 mm.

B. AHN, Códices, L. 325, ff. 325r-326v. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 322rv. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 316 (n.º 732); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 171 (n.º 549).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 533.

### 38

1255, xaneiro, 18. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a doazón da herdade de Barciademera, que inclúe, realizada por Afonso IX o 5 de febreiro de 1193.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 8. Orixinal, Pergameo, 400 x 505 mm.

B. AHN, Códices, L. 325, f. 151rv. Copia simple.

C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 286rv. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 316-317 (n.º 733); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 171 (n.º 550).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 532.

### 39

1255, xaneiro, 19. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 25 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón da metade da igrexa de Santa María de Couso feita por este mesmo monarca o 8 de xaneiro de 1227.*

- A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 11. Orixinal, Pergameo, 498 x 590 mm.  
B. AHN, Códices, L. 324, ff. 186v-198r. Copia simple.  
C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 150v. Copia simple.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 317 (n.º 734); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 171 (n.º 551).  
Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 534.

## 40

1255, xaneiro, 20. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 28 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón do reguengo de San Pedro de Arbo e da pesqueira de Guisande feita por Fernando II o 19 de novembro de 1184.*

- A. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 13. Orixinal, Pergameo, 420 x 535 mm.  
B. AHN, Clero, Carpeta 1447, n.º 12. Pergameo, 338 x 405 mm. En traslado realizado o 9 de marzo de 1294 por Afonso Raimúndez, notario de Ribadavia.  
C. AHN, Códices, L. 325, ff. 102r-103v. Copia simple.  
D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 316rv. Copia simple.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 317-318 (n.º 735); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 171 (n.º 553).  
Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 535.

## 41

1255, xaneiro, 22. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a confirmación de Afonso IX de 26 de xuño de 1228, que inclúe, da doazón da veiga de Francelos e da metade de Reza feita por Fernando II en marzo de 1166.*

- A. AHN, Sigilografía, C. 9, n.º 8. Orixinal, Pergameo, 455 x 640 mm.  
B. AHN, Códices, L. 323, ff. 148r-149r. Copia simple.  
C. AHPOu, *Tumbo Dourado*, f. 261rv. Copia simple.  
D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, ff. 59v-60v. Copia simple.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 318-319 (n.º 736); Ballesteros Beretta 1984: 1068 (n.º 168); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 172 (n.º 558).  
Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 536.

## 42

1255, xaneiro, 28. [Burgos].

*Afonso X ordena a Pedro Nunes de Santiago e Pedro Fernández de Pontevedra, os seus investigadores no bispado de Astorga e terra de Aliste, que envíen as pescudas que fagan sobre diversos crimes e delitos ao meiriño maior de León, Gonzalo Morán, e queden eles cun traslado notarial.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 59rv. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1061 (n.º 25) [Datándoo en 1253]; González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 176 (n.º 584).

## 43

1255, xaneiro, 28. Burgos.

*Afonso X confirma á Orde do Temple o acordo realizado entre Afonso IX e esta mesma orde o 29 de abril de 1211, no que se fai referencia a bens nas terras galegas de Limia, Lemos e Faro.*

A. AHN, Órdenes Militares, Carp. 568, n.º 17-R. Orixinal. Pergameo, 500 x 605 mm.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 176 (n.º 583).

Ed.: García Tato 2004: 177-179 (n.º 78).

## 44

1255, marzo, 10. Aguilar de Campoo.

*Afonso X confirma á Igrexa e Concello de Ourense a exención de portádego e de calquera outra carga para todo viño ou produto que se leve desa cidade cara a Santiago de Compostela concedida por Afonso IX o 17 de novembro de 1188.*

A. ACOu, Privilexios 3, n.º 21. Orixinal. Pergameo, 387 x 445 mm.

Rex.: Duro Peña 1972: 42 (n.º 117); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 194 (n.º 723).

Ed.: DACO 1917: 73-74; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 221-222 (n.º 413).

45

1255, marzo, 20. Carrión.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Xulián de Moraime a posta baixo comenda e defensa do cenobio e dos seus bens, que acouta, feita por Fernando III o 5 de febreiro de 1232, e a confirmación xenérica dos privilexios do cenobio concedida por este mesmo monarca o 23 de xullo de 1238, incluíndo ambas as dúas.*

B. AHUSC, Clero, Moraime, n.º 11. En confirmación de Afonso XI de 10 de abril de 1335.

C. AHUSC, Clero, Moraime, n.º 13. En confirmación de Pedro I de 15 de setembro de 1351.

D. AHUSC, Clero, Moraime, n.º 16. En confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380.

E. AHUSC, Clero, Moraime, n.º 26. En confirmación de Xoán II de 19 de maio de 1434.

Rex.: Buján Rodríguez 1996: 304 (n.º 238); Lucas Álvarez 1999: 1103 (n.º 13); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 195 (n.º 726).

Ed.: Lucas Álvarez 1975: 634-635 (n.º 10).

46

1255, marzo, 23. Carrión.

*Afonso X confirma, romanceándoas, as concesións feitas ao burgo de Belesar por Afonso IX en 1208.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1067, n.º 8. En traslado realizado en marzo de 1380 por Vasco Rodríguez, notario de Chantada.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 319 (n.º 737); Ballesteros Beretta 1984: 1069 (n.º 204); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 195 (n.º 729 e 730) [Trátase do mesmo documento].

Ed.: Méndez Pérez/Otero Piñeyro Maseda/Romani Martínez 2016: 198-199 (n.º 13).

47

1255, marzo, 28. Sahagún.

*Afonso X confirma ao priorado de Santa Comba de Naves a confirmación de Fernando III de 15 de febreiro de 1231, que inclúe, da exención do xantar e outros pagos inxustamente impostos ao cenobio polo casteleiro de Alba de Búbal dada por Afonso IX o 12 de setembro de 1229.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1506, n.º 10. En traslado realizado o 12 de novembro de 1325 por Domingo Nunes, notario de Ourense.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 319-320 (n.º 738); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 196 (n.º 734).

Ed.: Dono Lopez 2010: 241-243 (n.º 100).

## 48

1255, marzo, 29. Sahagún.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Salvador de Celanova a confirmación de Fernando III de 13 de abril de 1233, que inclúe, da doazón de Afonso IX do lugar de Mixós nos termos en que llo entregara Afonso VII, feita o 12 de abril de 1215.*

A. AHN, Sigilografía, C. 11, n.º 4. Orixinal. Pergameo, 463 x 507 mm.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 320 (n.º 739); Ballesteros Beretta 1984: 1068 (n.º 168) [Datándoo o 25 de marzo]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 195 (n.º 728) e 196 (n.º 735) [Trátase do mesmo documento].

Ed.: Vaquero Díaz 2004: 91-93 (n.º 54).

## 49

1255, abril, 4. Sahagún.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Salvador de Celanova a confirmación de Fernando III de 8 de xaneiro de 1231, que inclúe, da entrega por Afonso IX da comenda do mosteiro a este mesmo e a prohibición de que ningún saión ou meiriño entre no cenobio, de 31 de maio de 1216.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1432, n.º 5. Orixinal. Pergameo, 454 x 620 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 1432, n.º 6. Traslado notarial sen data.

C. AHN, Clero, Carpeta 1434, n.º 19. En confirmación dos Reis Católicos de 20 de setembro de 1480.

D. AHN, Clero, Carpeta 1435, n.º 14. En confirmación de Filipe III de 30 de xaneiro de 1604.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 320-321 (n.º 740); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 198 (n.º 749).

Ed.: Vaquero Díaz 2004: 93-95 (n.º 55).

## 50

1255, abril, 12. Sahagún.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Penamaior a confirmación de Fernando III de 28 de decembro de 1231, que inclúe, do mandato de Afonso IX ao seu meiriño sobre os xugueiros do cenobio dado o 28 de decembro de 1223.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1219, n.º 8. En confirmación de Sancho IV de 9 de xuño de 1290.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 321 (n.º 741); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 202 (n.º 776).

**51**

1255, abril, 28. Sahagún.

*Afonso X confirma xenericamente os privilexios do priorado de San Salvador de Pedroso, ordenando que se lles manteñan segundo os tiña en tempos de Afonso IX e Fernando III, e acouta as súas herdades.*

B. ACM, Pedroso. En traslado da confirmación de Sancho IV de 21 de setembro de 1286 realizado por Pedro Martínez, notario de Neda.

Rex.: Cal Pardo 1990: 113-114 (n.º 11).

Ed.: Cal Pardo 1984: 245 (n.º 11).

**52**

1255, abril, 28. Villada.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santo Estebo de Ribas de Sil a confirmación de Fernando III de 5 de xullo de 1232, que inclúe, da sentenza dada por Afonso IX o 7 de agosto de 1214 no preito mantido entre o cenobio e Diego Eanes, no que establece que ningún cabaleiro poida ter como vasalo a quen o debe ser do mosteiro.*

A. AHN, Sigilografía, C. 11, n.º 2. Orixinal. Pergameo, 520 x 635.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 321-322 (n.º 742); Ballesteros Beretta 1984: 1070 (n.º 221) [Datándoo o día 8 de abril]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 207 (n.º 814).

Ed.: Duro Peña 1977: 284-285 (n.º 46).

**53**

1255, xuño, 2. Palencia.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Oseira a confirmación de Fernando III dada o 5 de novembro de 1231, que inclúe, na que confirma pola súa vez a de Afonso IX de todas as propiedades do cenobio, con prohibición de adquirir novas posesións reguengas salvo nos arredores do mosteiro ou cando conte co expreso permiso do monarca, e con acoutamento de todos os seus servizais, feita o 22 de outubro de 1228.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1526, n.º 16. Orixinal. Pergameo, 590 x 665 mm.

B. AHN, Códices, L. 1008 B, ff. 7r-8v. Copia simple.

C. AHN, Códices, L. B-15, ff. 96v-97r. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 322 (n.º 743); Duro Peña 1972: 98 (n.º 327); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 212 (n.º 849).

Ed.: Romani Martínez 1989: 698-700 (n.º 739).



## 54

1255, xuño, 2. Palencia.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Oseira a confirmación xenérica dos seus privilexios realizada por Fernando III o 20 de decembro de 1230, que inclúe.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1526, n.º 20. En traslado realizado o 23 de febreiro de 1345 por Pedro Eanes, notario de Castela, Búbal e Bolo de Senda.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 322-323 (n.º 744); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 212 (n.º 850).

Ed.: Romani Martínez 1989: 700-702 (n.º 740).

## 55

1255, xuño, 10.

*Afonso X confirma ao priorado de Santa María de Xunqueira de Ambía a orde de Fernando III de 3 de marzo de 1237, que inclúe, aos ricoshomes e oficiais reais da terra de Limia que ninguén tome nada dos bens e vasalos do cenobio.*

Ed.: Crespo Pozo 1964-1966: 261 e 445.

## 56

1255, xuño, 11. Palencia.

*Afonso X confirma ao priorado de Santa María de Xunqueira de Ambía o acordo subscrito ante Afonso IX o 8 de abril de 1227, que inclúe, entre o cenobio e varios cabaleiros sobre os vasalos do couto monástico.*

B. ACOu, Papeis de Xunqueira de Ambía. Copia simple do século XVIII.

## 57

1255, xuño, 12.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro a confirmación xenérica dos seus privilexios realizada por Fernando III en outubro de 1232, que inclúe.*

- A. AHUSC, San Martiño, Pergameos, n.º 56. Orixinal. Pergameo.  
B. AHUSC, San Martiño, Pergameos, n.º 66. En confirmación de Afonso XI de 5 de xullo de 1335.  
C. AHUSC, San Martiño, Pergameos, n.º 67. En confirmación de Afonso XI de 5 de xullo de 1335.  
Rex.: Lucas Álvarez 1999: 944-945 (n.º 103); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 214 (n.º 861).  
Ed.: Lucas Álvarez 1958: 564 (n.º 78).

**58**

1255, xuño, 14.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro o mandamento de Fernando III de 13 abril de 1232, que inclúe, no que ordena que ninguén teña amos nin vasalos no couto monástico sen permiso do abade e convento.*

- A. AHN, Clero, Carpeta 1784, n.º 14. Orixinal. Pergameo, 240 x 245 mm.  
B. AHUSC, San Martiño, Pergameos, n.º 66. En confirmación de Afonso XI de 5 de xullo de 1335.  
C. AHUSC, San Martiño, Pergameos, n.º 67. En confirmación de Afonso XI de 5 de xullo de 1335.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 323 (n.º 745); Buján Rodríguez 1996: 304 (n.º 237); Lucas Álvarez 1999: 944-945 (n.º 103); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 214 (n.º 863).  
Ed.: Lucas Álvarez 1958: 563-564 (n.º 76); Cañizares del Rey 2002: 306 (n.º 127).

**59**

1255, xuño, 16. Palencia.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Penamaior a confirmación de Fernando III de 13 de abril de 1232, que inclúe, na que confirma, pola súa vez, a confirmación de Afonso IX do couto e igrexa de San Salvador de Furco, de 30 de abril de 1227, adquirida polo mosteiro a García Rodríguez de Neira, así como a posesión de varias herdades do cenobio que se especifican.*

- A. AHN, Clero, Carpeta 1216, n.º 16. Orixinal. Pergameo, 513 x 680 mm.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 323-324 (n.º 746); Ballesteros Beretta 1984: 1071 (n.º 235); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 215 (n.º 867).

**60**

1255, abril, 5. Castromonte.

*Afonso X concede á Orde do Temple a contribución da terra de Alba de Aliste e de Alcañices e Sahagún a cambio de todo o que a Orde posuía en Betanzos.*

A. Archivo Municipal de Alcañices, Atado 14, n.º 25.  
 Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 216 (n.º 877).

### 61

1255, [xullo], 12.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Castro de Rei a confirmación de Fernando III de 29 de outubro de 1231, que inclúe, na que confirma ao cenobio catro cartas de Afonso IX: 1) exención de xantar, de maio de 1210; 2) doazón do monte de «Vilar Papi», de 20 de marzo de 1221; 3) mandato sobre que as herdades do mosteiro están acoutadas, de 20 de xuño de 1215; e 4) confirmación da doazón da herdade de «Auercere», de 19 de agosto de 1219.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1484, n.º 5. Orixinal. Pergameo, 520 x 625 mm.  
 Rex.: Sánchez Belda 1953: 324 (n.º 747); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 217 (n.º 885).

### 62

1255, xullo, 17. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Montederramo a confirmación de Fernando III de 13 de xullo de 1232, que inclúe, na que confirma varias doazóns feitas polos monarcas anteriores, que especifica, así como calquera outra doazón ou privilexio concedido polos seus antecesores ao mosteiro.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1484, n.º 2. Orixinal. Pergameo, 475 x 415 mm.  
 Rex.: Sánchez Belda 1953: 324-325 (n.º 748); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 218 (n.º 887).  
 Ed.: Lorenzo 2016: 368-370 (n.º 189).

### 63

1255, xullo, 18. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Montederramo a notificación de Afonso IX de 14 de agosto de 1227, que inclúe, na que confirma que, entre outros, o lugar de Piñeira e a metade do de Trasmonte son do cenobio por doazón de Afonso VII, ordenando que se lle respeten e que o comendador do Courel e Elvira López partan Trasmonte co abade de Montederramo.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1484, n.º 3. En traslado realizado a principios do século XIV por Xoán de Rabal, notario de Caldelas.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 325 (n.º 749); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 218 (n.º 889) e, probablemente, 219 (n.º 895), datado en 22 de xullo de 1255.

Ed.: Lorenzo 2016: 891 (n.º 719).

## 64

1255, xullo, 23. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de San Clodio a exención de pedido feita ao mosteiro por Afonso IX o 12 de marzo de 1218, que inclúe.*

B. AHN, Códices, L. 424 B, f. 25rv. En copia simple de confirmación de Afonso XI de 5 de xuño de 1335.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 325 (n.º 750); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 219 (n.º 896).

Ed.: Lucas Álvarez e Lucas Domínguez 1996: 310 (n.º 75).

## 65

1255, setembro, 18. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Salvador de Celanova a confirmación de Fernando III de 15 de abril de 1232, que inclúe, da promesa de Afonso IX de 3 de maio de 1223 de non facer pobra no castro de Verín.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1432, n.º 7. Orixinal. Pergameo, 460 x 470 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 1433, n.º 9. En confirmación de Afonso XI de 18 de agosto de 1316.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 326 (n.º 751); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 225 (n.º 942).

Ed.: Vaquero Díaz 2004: 96-98 (n.º 57).

## 66

1255, setembro, 18. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Salvador de Celanova a confirmación de Fernando III de 15 de abril de 1232, que inclúe, na que Afonso IX prohíbe mercar herdades en Pazos e Verín e sacar pedido de Atás, sen data.*

A. AHN, Sigilografía, C. 10, n.º 3. Orixinal. Pergameo, 300 x 237 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 1433, n.º 9. En confirmación de Afonso XI de 18 de agosto de 1316.

C. AHN, Clero, Carpeta 1432, n.º 9. En traslado realizado o 27 de novembro de 1347 polo notario Rui Fernández.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 326-327 (n.º 752); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 227 (n.º 943).

Ed.: Vaquero Díaz 2004: 95-96 (n.º 56).

**67**

1255, setembro, 20. Valladolid.

*Afonso X concede á Pobra de Ortigueira o foral de Benavente.*

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 226 (n.º 944).

Ed.: Maciñeira Pardo de Lama 1892: 269-273.

**68**

1255, outubro, 14. Valladolid.

*Afonso X confirma á Orde de San Xoán do Hospital a súa propia doazón da terra de Páramo, na «honor» de Sarria, realizada o 15 de agosto de 1246, sendo aínda infante.*

A. AHN, Órdenes Militares, Carp. 568, n.º 18-R. Orixinal. Pergameo, 170 x 290 mm.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 161 (n.º 474).

Ed.: García Tato 2004: 179 (n.º 79).

**69**

1255, outubro, 19. Burgos.

*Afonso X promete que o servizo que lle fan o bispo, cabido e clerecía de Lugo para pagar as débedas de Fernando III co papa non debe volverlle ser solicitado.*

A. ACLu.. Orixinal. Pergameo.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 327 (n.º 753); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 232 (n.º 991).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 2r; Cañizares del Rey 2015: 254 (n.º 423).

**70**

1255, outubro, 22. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a autorización de Afonso IX a Paio Arias e á súa muller, María Pérez, de 30 de xaneiro de 1229, que inclúe, para vender ao dito cenobio a herdade de Vimieiros e as condicións que o mosteiro terá para co monarca con ela; seguido pola confirmación das herdades de Melón en Castrelo de Miño e Ribadavia.*

- A. AHN, Clero, Carpeta 1448, n.º 3. Orixinal. Pergameo, 580 x 630 mm.  
B. AHN, Códices, L. 324, ff. 291v-292r. Copia simple.  
C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 190v. Copia simple.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 327 (n.º 754); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 232 (n.º 994).  
Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 554.

**71**

1255, outubro, 23. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón as exencións de portádego concedidas por Fernando II en marzo de 1170 e por Afonso IX o 11 de agosto de 1201, incluíndo ambas as dúas.*

- A. AHN, Sigilografía, C. 5, n.º 7. Orixinal. Pergameo, 230 x 235 mm.  
B. AHN, Códices, L. 323, ff. 62v-63r. Copia simple.  
C. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 18r. Copia simple.  
Rex.: Sánchez Belda 1953: 328 (n.º 755); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 233 (n.º 996).  
Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 555.

**72**

1255, outubro, 28. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Vicente do Pino a confirmación de Afonso IX de 29 de marzo de 1191 da terceira parte da poboación do Pino –futuro Monforte de Lemos– e das súas rendas, así como o couto monástico e outras propiedades segundo llas concederan Raimundo de Borgoña e Afonso VII.*

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1072 (n.º 266); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 233 (n.º 1001).

**73**

1255, outubro, 29. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Vicente do Pino o documento de Afonso IX de 29 de outubro de 1204 no que o monarca confirma o acordo feito polo cenobio co Concello de Monforte de Lemos e doa ao mosteiro parte das rendas da vila en compensación por fundar a poboación, engadindo varias igrexas e a exención de xantar, consistente en 150 soldos que anualmente adoitaba darlle o mosteiro.*

B. BN, Ms. 834, ff. 162r-164r. Copia simple do século XVIII.  
 B. BRAH, Col. Salazar y Castro, O-24, ff. 149-151. Copia simple do século XVIII.  
 Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 234 (n.º 1003).  
 Ed.: Rodríguez Fernández 1990: 258-261 (n.º 15); Díaz Martín 1997-1999: n.º 165.

## 74

1255, novembro, 3. Burgos.

*Afonso X concede ao arcebispo de Santiago de Compostela que poida celebrarse mercado todos os martes no seu lugar de Aldeanueva, entre Toro e Salamanca.*

B. ACSC, *Tumbo C*, f. 4r. Copia simple.  
 Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 235 (n.º 1011).

## 75

1255, novembro, 4. Burgos.

*Afonso X concede a don Xoán Arias, arcebispo de Santiago de Compostela, e aos seus sucesores «por muchos servicios buenos e grandes que me fizo», «e porque fallé siempre en él lealtat e uerdat», a vila e alfoz de Xallas.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 2r-3v. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.  
 C. ACSC, *Tumbo A*, ff. 70v-71v. Copia simple.  
 D. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 41r-43r. Copia simple.  
 Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 235 (n.º 1013).  
 Ed.: Lucas Álvarez 1998: 316-319 (n.º 165); González Balasch 2004: 74-76 (n.º 2).

## 76

1255, novembro, 9. Covarrubias.

*Afonso X doa á Igrexa de Santiago de Compostela as herdades que en Terra de Santiago tivesen os cabaleiros e escudeiros «que se salieron con don Enrricque, mio hermano, o se fueron o se fueren para él».*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 6r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.  
 Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 236 (n.º 1018).  
 Ed.: González Balasch 2004: 82 (n.º 7).

77

1255, novembro, 10. Covarrubias.

*Afonso X exime do pago de moeda foreira ao bispo, cabido e clerecía menor da catedral de Santiago de Compostela.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 74v-75v. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 236 (n.º 1020).

Ed.: González Balasch 2004: 225-227 (n.º 107).

78

1255, novembro, 10. Covarrubias.

*Afonso X establece que á morte do arcebispo de Santiago de Compostela será o cabido compostelán o que se faga cargo dos seus bens mentres estea vacante a sé, e ordena que non sexa tomado por un representante do rei, quen debe axudar e defender ao delegado do cabido que administre os ditos bens.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 86r-87v. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

C. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 92v-93r. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 310; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 236 (n.º 1021).

Ed.: González Balasch 2004: 249-251 (n.º 115).

79

1255, novembro, 10. Covarrubias.

*Afonso X diríxese a todos os concellos e aldeas do arcebispado de Santiago de Compostela comunicándolles as normas para o pago do décimo.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 54v-56r. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 309; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 236 (n.º 1022).

Ed.: López Ferreiro 1901: 409-411 (n.º 92).



## 80

1255, novembro, 13. Santo Domingo de Silos.

*Afonso X confirma á igrexa de Santa María de Iria e á vila de Padrón a confirmación de Fernando III de 22 de febreiro de 1232 da confirmación dos seus privilexios e exencións por Fernando II, sen datar, que inclúe.*

B. Colección particular. En confirmación de Sancho IV de 29 de novembro de 1284 en confirmación de Fernando IV de 8 de marzo de 1312 en confirmación de Afonso XI de 12 de agosto de 1332; en traslado realizado o 5 de maio de 1393 por Lopo Afonso, notario de Padrón; confirmado polos Reis Católicos o 11 de maio de 1476.

C. Arquivo Municipal de Padrón. En confirmación de Sancho IV de 29 de novembro de 1284 en confirmación de Fernando IV de 8 de marzo de 1312 en confirmación de Afonso XI de 12 de agosto de 1332; en traslado realizado o 5 de maio de 1393 por Lopo Afonso, notario de Padrón; confirmado por Xoana I o 28 de maio de 1510. Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 237 (n.º 1028).

Ed.: Rodríguez Carbia e Beiró Piñeiro 2003): 54-57 e 72-76 (n.º 3 e 4).

Os documentos que se confirman, supostamente concedidos por Fernando II, deben estar interpolados, como deixa entrelazo a mención aos 28 santos bispos que rexeron a sé de Iria antes da *inventio* do sepulcro de Santiago en Compostela, sen estar claro a quen corresponde algunha das confirmacións, mesturándose a Afonso IX con Fernando III, se ben se sinalan soamente as datas recollidas no rexesto.

## 81

1255, novembro, 13. Santo Domingo de Silos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Xusto de Toxos Outos a confirmación de Fernando III de 20 de febreiro de 1232, que inclúe, na que se confirman: 1) o acoutamento do mosteiro e exención de portádego dadas por Fernando II o 2 de decembro de 1177; 2) a doazón do reguengo de Cando, por Fernando II, de 11 de decembro de 1167; 3) a toma da comenda do cenobio, exención de portádego e confirmación por Afonso IX de 20 de febreiro de 1198 de todos os acoutamentos feitos por Afonso VII e Fernando II; 4) doazón da igrexa e vila de San Xián da Pereiriña, por Afonso IX o 15 de xuño de 1219; e 5) doazón da cuarta parte da viña de Forno Telleiro, en Ribadavia, de 17 de abril de 1213.*

B. AHN, Clero, Carpeta 556, n.º 12. En confirmación de Sancho IV de 29 de novembro de 1284.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 328 (n.º 756); Ballesteros Beretta 1984: 1073 (n.º 277); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 238 (n.º 1032).

82

1255, novembro, 13. Santo Domingo de Silos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Xusto de Toxos Outos a confirmación de Fernando III de 19 de febreiro de 1232, que inclúe, na que se confirman: 1) o acoutamento do mosteiro e exención de portádego dados por Fernando II o 2 de decembro de 1177; e 2) a doazón do reguengo de Cando, por Fernando II, de 11 de decembro de 1167.*

A. AHN, Clero, Carpeta 556, n.º 11. Orixinal. Pergameo, 550 x 655 mm.

B. AHN, Códices, L. 1002 B, ff. 22v-23r.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 328-329 (n.º 757); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 233 (n.º 1031).

Ed.: Pérez Rodríguez 2004: 69-72 (n.º 37).

83

1255, novembro, 13. Santo Domingo de Silos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Xusto de Toxos Outos: 1) a concesión do couto monástico, acoutamento de todas as herdades do cenobio e exención de portádego, dadas por Afonso VII o 5 de decembro de 1135; 2) concesión do couto de San Cristovo de Arzón, dada por Afonso VII o 10 de maio de 1138; 3) doazón e acoutamento das igrexas de San Salvador e San Martiño de Duio feita por Afonso VII o 5 de decembro de 1135; e 4) doazón de varias herdades nas terras do Ribeiro de Avia, Salnés e Carnota feita por Afonso VII o 7 de maio de 1138.*

B. AHN, Clero, Carpeta 556, n.º 8. En confirmación de Sancho IV de 29 de novembro de 1284 en confirmación de Fernando IV de 8 de marzo de 1312.

C. AHN, Clero, Carpeta 556, n.º 17. En confirmación de Sancho IV de 29 de novembro de 1284 en confirmación de Fernando IV de 8 de marzo de 1312, en confirmación de Afonso XI de 12 de agosto de 1332, en confirmación de Pedro I de 14 de setembro de 1351

Rex.: Sánchez Belda 1953: 329 (n.º 758); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 237-238 (n.º 1030).

84

1255, novembro, 13. Santo Domingo de Silos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Xusto de Toxos Outos a confirmación de Fernando III de 17 de febreiro de 1232, que inclúe, na que se confirman: 1) a concesión do couto monástico, acoutamento de todas as herdades do cenobio e exención de portádego, por Afonso VII o 5 de decembro de 1135; e 2) a concesión do couto de San Cristovo de Arzón, por Afonso VII o 10 de maio de 1138.*

B. AHN, Códices, L. 1002 B, ff. 21r-22r.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 330 (n.º 759); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 237-238 (n.º 1030).

Ed.: Pérez Rodríguez 2004: 66-69 (n.º 36).

## 85

1255, novembro, 13. Santo Domingo de Silos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Xusto de Toxos Outos a confirmación de Fernando III de 17 de febreiro de 1232, que inclúe, na que se confirman: 1) a doazón e acoutamento das igrexas de San Salvador e San Martiño de Duio, por Afonso VII o 5 de maio de 1135; e 2) a doazón de varias herdades nas terras do Ribeiro de Avía, Salnés e Carnota, por Afonso VII o 7 de maio de 1138.*

B. AHN, Códices, L. 1002 B, ff. 23r-25r.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 330 (n.º 760); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 237-238 (n.º 1030).

Ed.: Pérez Rodríguez 2004: 72-75 (n.º 38).

## 86

1255, novembro, 17. Santo Domingo de Silos.

*Afonso X ordena a todos os que leven mercancías por mar á Coruña suxeitas ao pago de portádego que paguen a parte que deste corresponde ao mosteiro de Santa María de Sobrado, incluso os mercadores de Santander e Castro Urdiales, aos que escusara o propio monarca, aclarando que a súa intención ao eximirlles dese pago foi a de «les quitar el mio derecho e non más».*

A. AHN, Clero, Carpeta 542, n.º 8. Orixinal. Pergameo, 164 x 203 mm.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 331 (n.º 761); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 239 (n.º 1038).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 2v.

## 87

1255, decembro, 2. Vitoria.

*Afonso X autoriza á vila da Coruña a proverse e vender sal libremente, prohibindo que ningún barco a leve a Betanzos, cuxos veciños deben mercala na Coruña.*

B. AHMAC, Privilexios, n.º 12. En confirmación de Sancho IV de 4 de setembro de 1286.

C. AHMAC, Privilexios, n.º 5. Traslado realizado por Juan Mariño, notario do Concello da Coruña.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1073 (n.º 282); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 240 (n.º 1048).

Ed.: González Garcés 2008: 490-494.

## 88

1255, decembro, 14. Vitoria.

*Afonso X comunica ao Concello de Ourense a voda da súa primoxénita, dona Berenguela, co primoxénito e herdeiro do rei de Francia, e ordénalle que nomee tres procuradores para que se presenten ante el o día da Candelaria para facer homenaxe tanto a ela como ao seu marido así como que poñan o seu selo na carta que sobre ese asunto redactou o seu porteiro, Gonzalo Yáñez, e que, selada, lle sexa levada polos representantes municipais.*

B. ACOu, Escrituras 12, n.º 115. En protesta da Igrexa auriense ante o monarca por solicitar ao Concello de Ourense que preste homenaxe e xuramento como herdeira do reino á súa primoxénita, dona Berenguela, de 31 de xaneiro de 1256.

Rex.: Duro Peña 1972: 42 (n.º 118); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 241 (n.º 1053).

Ed.: DACO 1917: 174-175; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 225-226 (n.º 416).

## 89

[1256, xaneiro], 10. Vitoria.

*O Concello de Ourense presta homenaxe e xura como herdeira dos reinos de Afonso X á súa filla primoxénita, dona Berenguela, acabada de casar con don Luís, primoxénito e herdeiro do rei de Francia.*

B. ACOu, Escrituras 12, n.º 115. En protesta da Igrexa auriense ante o monarca por solicitar ao Concello de Ourense que preste homenaxe e xuramento como herdeira do reino á súa primoxénita, dona Berenguela, de 31 de xaneiro de 1256.

Ed.: DACO 1917: 176-177; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 229-230 (n.º 416).

Moi deteriorado, o pergameo deixa ver que este documento foi feito en Vitoria, onde Afonso X permaneceu ata o 24 de xaneiro de 1256 (González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 27). A súa redacción debeu facerse, pois, nese mes e ano, co que o «decima» que se conserva da datación leva a datalo o día 10.

**90**

1256, xaneiro, 10. Vitoria.

*Afonso X reconece a don Xoán Arias, arcebispo de Santiago de Compostela, que a axuda que a súa Igrexa lle prestou para saldar as débedas do seu pai, Fernando III, foi feita libremente.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 39rv. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 310; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 243 (n.º 1075).

**91**

1256, xaneiro, 10. Vitoria.

*Afonso X autoriza a don Rodrigo Gómez de Galicia a vender á Orde de Calatrava a masía de Cerrajas, vinte xugadas de herdade en Noblas, no termo de Facialcázar, e as casas en Sevilla que, como as herdades anteriores, lle doara a don Rodrigo.*

B. AHN, Órdenes Militares, Registro III, f. 129.

Rex.: González González 1951: II, 327; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 243 (n.º 1074).

Ed.: González Jiménez 1991: 188-189 (n.º 170).

**92**

1256, febreiro, 9. San Esteban de Gormaz.

*Afonso X, por denuncia do Concello da Coruña dos préstamos forzosos requiridos tanto polo seu pai, Fernando III, como polo mesmo Afonso X, exime aos veciños e aos mercadores da Coruña de todo préstamo forzado polos reis de Castela e León.*

A. AHMAC. Privilexios, n.º 7. Orixinal. Pergameo.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1074 (n.º 301); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 246 (n.º 1095).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 3r; González Garcés 2008: 494-498.

**93**

1256, febreiro, 10. San Esteban de Gormaz.

*Afonso X agradece ao arcebispo e ao cabido de Santiago de Compostela que prestasen homenaxe á infanta dona Berenguela, co gallo do seu compromiso matrimonial con don Luís, primoxénito e herdeiro do rei de Francia, como herdeira dos reinos de Castela e León. Inclúese o nomeamento dos procuradores da Igrexa, de 2 de febreiro*

*de 1256, en Santiago de Compostela, os cóengos Fernando Afonso e o mestre Fernando, representantes da Igrexa compostelá, dos concellos de Santiago, de Pontevedra e de toda a Terra de Santiago, así como o xuramento prestado polos ditos procuradores o mesmo 10 de febreiro de 1256.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 42rv. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 310; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 246 e 721 (n.º 1097 e 3860).

Ed.: López Ferreiro 1902: 91-93 (n.º 31); González Balasch 2004: 207-209 (n.º 94).

## 94

1256, febreiro, 14. San Esteban de Gormaz.

*Ante a protesta do bispo e do cabido aurienses por recibir a homenaxe do Concello de Ourense, Afonso X manifesta que con iso non pretendeu nin pretende danar o dereito e señorío da Igrexa auriense.*

A. ACOu, Privilexios 4, n.º 40. Orixinal. Pergameo, 160 x 150 mm.

Rex.: Duro Peña 1972: 42-43 (n.º 119); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 247 (n.º 1101).

Ed.: DACO 1917: 178; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 233-234 (n.º 423).

## 95

1256, marzo, 22. Soria.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Martiño Pinarío a confirmación xenérica dos seus privilexios realizada por Fernando III o 25 de febreiro de 1232, que inclúe.*

B. AHN, Clero, Carpeta 515, n.º 6. En traslado notarial de confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332.

C. AHN, Clero, Carpeta 515, n.º 10. En traslado notarial de confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332 en confirmación de Afonso XI de 15 de marzo de 1344.

D. AHUSC, San Martiño, Pergameos, n.º 71. En confirmación de Pedro I de 12 de outubro de 1365.

E. AHN, Clero, Carpeta 517, n.º 17. En traslado notarial da confirmación de Pedro I de 15 de setembro de 1351.

F. AHN, Clero, Carpeta 516, n.º 5. En traslado notarial da confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332 en confirmación de Afonso XI de 15 de marzo de 1344 en confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380 en confirmación de Enrique III de 25 de abril de 1391.

G. AHN, Clero, Carpeta 516, n.º 10. En traslado notarial de confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332 en confirmación de Afonso XI de 15 de marzo de 1344 en confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380 en confirmación de Enrique III de 22 de xuño de 1401.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 331 (n.º 762); Buján Rodríguez 1996: 304 (n.º 238); Lucas Álvarez 1999: 164 (n.º 128); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 249 (n.º 1113).

Ed.: Lucas Álvarez 2003: 269-270 (n.º 112) [Datándoo en 1254].

## 96

1256, xuño, 18. Brihuega.

*Afonso X comunica a don Mateo, xuíz de Lugo, que os homes de San Vicente dos Muros –San Vicente do Burgo– e Santiago de Prógalo, que recorreran ante El-Rei a sentenza dada por don Mateo no preito que mantiñan co bispo de Lugo sobre o pago de facendeira, non se presentaron na corte no prazo sinalado, polo que ratifica a sentenza e condena, polas custas, aos homes das ditas parroquias en 46 soldos.*

Rex.: Sánchez Belda 1953: 331-332 (n.º 763).

Ed.: Cañizares del Rey 2015: 256-257 (n.º 425).

## 97

1256, xuño, 30. Segovia.

*Afonso X, por denuncia dos mercadores de Ribadavia dos préstamos forzosos requiridos tanto polo seu pai, Fernando III, como polo mesmo Afonso X, exime a veciños e mercadores de Ribadavia de todo préstamo forzado polos reis de Castela e León.*

B. Biblioteca de Catalunya, Pergameos, 343. En confirmación de Xoán II de 17 de abril de 1420.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1074 (n.º 315); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 253 (n.º 1144).

Ed.: Meruéndano 1908: 196-199, e 1909: 379-380; García-Fernández/Pelaz Flores/Pichel 2020: 171-172.

## 98

1256, setembro, 16. Segovia.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Oseira a confirmación de Fernando III de [19 de febreiro] de 1232, que inclúe, do acoutamento e exención de todo preito real dos servizais do cenobio feita por Afonso IX o 18 de febreiro de 1222.*

A. AHN, Sigilografía, C. 11, n.º 6. Orixinal. Pergameo, 505 x 596 mm.

B. AHN, Códices, L. 1008 B, ff. 6r-7r. Copia simple.

C. AHN, Códices. L. B-15, ff. 98r-99v. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 322 (n.º 764); Duro Peña 1972: 98 (n.º 328); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 262 (n.º 1202).

Ed.: Romani Martínez 1989: 722-725 (n.º 761).

## 99

1257, marzo, 18. Lorca.

*Afonso X doa a don Fernando Eanes Batisela a aldea de Algavali, no termo de Aznalfarache.*

B. AHN, Órdenes Militares, Registro III, f. 129.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 268 (n.º 1245).

Ed.: González Jiménez 1991: 211 (n.º 190).

Como amosa M. González Jiménez no seu *Diplomatario*, a data parece excesivamente tardía para a concesión dun donadío en Sevilla, co que debe pensarse nunha confirmación, ou ben nun erro do rexistro alcantarino, que ten ao seu favor datar o documento en Lorca. O donadío que recibiu don Fernando en Sevilla estaba formado pola aldea de Algavali, rebautizada como «Lobarzana» polo monarca, que constaba de 150 aranzadas con cinco mil pés de oliveiral e figueiral, mais quince xugadas para pan en Alcázar, termo de Facialcázar (González González 1951: II, 24-25).

## 100

1258, febreiro, 1. Valladolid.

*Afonso X diríxese aos concellos de Galicia e Asturias anunciándolles o envío de Domingo Eanes, «mio alcalde sobrel fecho de la Cruzizada», encargado de que as naves e «galeas» estean preparadas en Cádiz o vindeiro 1 de maio así como de recadar o préstamo en diñeiro para iso, roga que se lle entregue e ordena ao alcalde que as cantidades dadas polos concellos se sitúen, para a súa restitución, na moeda foreira dos lugares destinados para iso.*

B. AMOv, Tomo I, n.º 22. En recibo da entrega por parte do Concello de Oviedo de 1200 marabedís ao alcalde real Domingo Eanes, en cumprimento da orde que se inclúe.

Reg.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 283 (n.º 1343).

Ed.: Miguel Vigil 1889: 46 (n.º 22).

## 101

1258, febreiro, 19. Valladolid.

*Afonso X, á vista da doazón feita por Afonso IX a dona Estefanía de Xinzo e Vilamaior da Xironda en xuño de 1211, así como a posterior doazón feita por esta*



*ao mosteiro de Santa María de Melón en xaneiro de 1249 –incluíndose ambas as dúas– devolve a este cenobio a aldea de Vilamaior, da que se incautara crendo que o mosteiro non tiña títulos para posuíla.*

A. AHN, Sigilografía, C. 12, n.º 3. 550 x 400 mm.

B. ACOu, Monacais, Melón, n.º 785. En traslado realizado por Pedro Rodríguez, notario de Ribadavia.

C. ACOu, Monacais, Melón, n.º 3810. En traslado realizado por Rodrigo Eanes, notario de Ribadavia, o 1 de outubro de 1424.

D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 222r. Copia simple.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 69 (n.º 785); Sánchez Belda 1953: 332-323 (n.º 765) [Datándoo en marzo]; Duro Peña 1972: 99 (n.º 329); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 287 (n.º 1369) [Datándoo en marzo].

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 588.

## 102

1258, marzo, 1. Valladolid.

*Afonso X exime do pago de moeda foreira ao bispo, cabido e clerecía menor da catedral de Ourense.*

A. ACOu, Privilexios 3, n.º 22. Orixinal. Pergameo, 550 x 486 mm.

B. ACOu, Privilexios 4, n.º 18. En confirmación de Afonso XI de 25 de febreiro de 1339.

Rex.: Duro Peña 1972: 43 (n.º 120); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 285 (n.º 1356).

Ed.: DACO 1917: 188-190; Herrera Sánchez González de Fauve/Zabia 1999: AGA 4r; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 259-262 (n.º 449).

## 103

1258, marzo, 1. Valladolid.

*Afonso X establece que, á morte do bispo de Ourense, será o cabido auriense o que se faga cargo dos seus bens mentres a sé estea vacante, e ordena que non sexa tomado por un representante do rei, quen debe axudar e defender ao delegado do cabido que administre os devanditos bens.*

A. ACOu, Privilexios 3, n.º 24. Orixinal. Pergameo, 515 x 317 mm.

B. ACOu, *Libro Grande*, ff. 16v-17r. Copia simple.

Rex.: Duro Peña 1972: 43 (n.º 121); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 285 (n.º 1355).

Ed.: DACO 1917: 191; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 262-264 (n.º 450).

104

1258, marzo, 4. Valladolid.

*Afonso X diríxese a todos os concellos e aldeas do bispado de Ourense lembrando a obrigatoriedade universal do pago do décimo.*

A. ACOu, Privilexios 3, nº 23. Orixinal. Pergameo, 300 x 317 mm.

Rex.: Duro Peña 1972: 43-44 (n.º 122); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 286 (n.º 1362).

Ed.: DACO 1917: 186-188; Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 4v; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 264-266 (n.º 451).

105

1258, abril, 12. Valladolid.

*Afonso X exime do pago da novena que lle concedeu o papa ao bispo auriense e a todas as igrexas da súa diocese durante tres anos, e ordena a Ponce de Vale e aos demais recadadores da taxa que non llela cobren.*

A. ACOu, Escrituras 12, nº 12. Orixinal. Pergameo, 97 x 33 mm.

Rex.: Duro Peña 1972: 44 (n.º 123); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 288 (n.º 1377).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 5r; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 266 (n.º 452).

106

1258, abril, 13. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Xulián de Samos a orde de Fernando III de 4 de xaneiro de 1232, que inclúe, para que ninguén cobre portádego nin tome nada por débedas ás bestas que leven pan, viño ou peixe ao mosteiro.*

B. AHN, Sigilografía, C. 10, n.º 11. En confirmación de Fernando IV de 22 de agosto de 1308.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 333 (n.º 766); Ballesteros Beretta 1984: 1078 (n.º 384); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 288 (n.º 1378).

107

1258, abril, 20. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Monfero a orde de Fernando III de 28 de xaneiro de 1232, que inclúe, para que ninguén peñore as bestas que leven cargas ao mosteiro.*

- B. AHN, Clero, Carpeta 506, n.º 9. En confirmación de Sancho IV de 2 de maio de 1293 en confirmación de Afonso XI de 20 de marzo de 1331.
- C. AHN, Clero, Carpeta 510, n.º 2. En confirmación de Sancho IV de 2 de maio de 1293 en confirmación de Afonso XI de 20 de marzo de 1331 en confirmación de Xoán II de 24 de maio de 1432.
- D. AHN, Clero, Carpeta 506, n.º 10. En traslado notarial realizado en 1348 da confirmación de Afonso XI de 20 de marzo de 1331.
- E. AHN, Clero, Carpeta 503, n.º 9. Copia simple coetánea.
- Rex.: Sánchez Belda 1953: 333-334 (n.º 767); López Sangil 2002: 683; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 288 (n.º 1381).

## 108

1258, abril, 20. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Monfero a exención para os vasalos do cenobio e toma de comenda deste de Fernando III de 28 de xaneiro de 1232, que inclúe.*

- B. AHN, Clero, Carpeta 506, n.º 9. En confirmación de Sancho IV de 2 de maio de 1293 en confirmación de Afonso XI de 20 de marzo de 1331.
- C. AHN, Clero, Carpeta 510, n.º 2. En confirmación de Sancho IV de 2 de maio de 1293 en confirmación de Afonso XI de 20 de marzo de 1331 en confirmación de Xoán II de 24 de maio de 1432.
- D. AHN, Clero, Carpeta 506, n.º 10. En traslado notarial realizado en 1348 da confirmación de Afonso XI de 20 de marzo de 1331.
- E. AHN, Clero, Carpeta 503, n.º 9. Copia simple coetánea.
- Rex.: Sánchez Belda 1953: 334 (n.º 768); López Sangil 2002: 683; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 289 (n.º 1382).

## 109

1258, abril, 21. Valladolid.

FALSO.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Monfero o acoutamento do mosteiro e das súas herdades dada por Afonso VII o 5 de decembro de 1135.*

- B. AHN, Clero, Carpeta 501, n.º 2. En traslado realizado o 9 de agosto de 1317 por Francisco Domínguez, notario de Betanzos.
- C. AHN, Clero, Carpeta 501, n.º 1. Copia imitativa.
- Rex.: Sánchez Belda 1953: 334-335 (n.º 769); Ballesteros Beretta 1984: 1078 (n.º 385); López Sangil 2002: 684; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 289 (n.º 1383).
- O privilexio de Afonso VII de 5 de decembro de 1135 é claramente falso, como coído ter demostrado en Pérez Rodríguez 2019: 843-850, onde se pon de manifesto que o seu modelo foi tomado da concesión de couto a San Xusto de Toxos Outos, concedido nesa data polo Emperador. Tomando este diploma como modelo, e

adaptándoo ás condicións de Monfero, a principios do XIV elaborouse esta falsa confirmación, para o que só houbo que adaptar as das concedidas a este mesmo mosteiro o día 20 de abril de 1258, sen que poida explicarse por que se decidiu datala ao día seguinte, 21. O traslado realizado en 1317 é, ademais, unha copia imitativa, como o seu irmán, coa actual sinatura n.º 1, que pode ter sido outro traslado-copia imitativa, como opina Sánchez Belda, «á que posteriormente cortáronse as súas subscricións, para dar visos de orixinal», ou pode tamén pensarse que foi a que puxeron diante do notario de Betanzos para pór baixo ela a súa sinatura e fe. A favor da súa falsidade está así mesmo que, a diferenza dos dous privilexios anteriores, do día 20, confirmados posteriormente en 1293, 1331 e 1432, este do día 21 non o foi nunca, a pesar de conter unha concesión de moita maior transcendencia.

## 110

1258, xuño, 3. Medina del Campo.

*Afonso X, no preito entre a Igrexa de Mondoñedo e os habitantes das freguesías de Santa María de Chavín, San Pedro de Viveiro e Santo Estevo de Valcarría, sentenza que estes deben pagar a martiñega na forma en que o facían en tempos de Afonso IX e como o fan os da vila de Viveiro.*

A. ACMd. Orixinal. Pergameo, 348 x 330 mm.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1078 (n.º 391); Cal Pardo 1990: 28 (n.º 36); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 290 (n.º 1391).

Ed.: Cal Pardo 1999: 91-93 (n.º 36); Herrera/Sánchez/González de Fauve Zabia 1999: AGA 5v.

## 111

1258, xullo, 15. Arévalo.

*Afonso X confirma ao Concello de Allariz a orde dada ao Concello de Ribadavia por Afonso IX, de 25 de xaneiro de 1226, para que non se cobre portádego en Ribadavia aos homes de Allariz.*

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 293 (n.º 1408).

Ed.: BCPMHAO 1908: 332 (n.º 78).

## 112

1258, xullo, 16. Arévalo.

*Afonso X, no preito entre a Igrexa de Santiago de Compostela e os homes do couto de San Vicente de Caamouco sobre o pago destes de «fogazas» a aquela, sentenza que os couteiros deben pagalas posto que non presentan documento ningún*

*para demostrar a súa exención do pagamento, e condénaos a pagar as custas do preito, que estima en 52 marabedís leoneses.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 44rv. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 310; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 293 (n.º 1410).

Ed.: López Ferreiro 1895: 357.

### 113

1258, outubro, 9. Madrid.

*Afonso X ordena aos concellos de Viveiro e Ribadeo que cobren o portádego debido aos de Castro Urdiales «et a otros de los mios regnos» aos que non llelo cobran.*

B. ACMd. Pergameos, n.º 42. En traslado realizado por orde do mesmo Afonso X para pasalo de papel a pergameo de 17 de decembro de 1271.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1079 (n.º 414) [Datándoo o 9 de decembro]; Cal Pardo 1990: 30 (n.º 42); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 297 e 299 (n.º 1437 e 1454) [Trátase do mesmo documento, que datan tamén, e erradamente, o 9 de outubro de 1258].

Ed.: Cal Pardo 1991: 84; Cal Pardo 1999: 100 (n.º 42).

### 114

1258, novembro, 24. Madrid.

*Afonso X ordena ao seu meiriño maior en Galicia, don Rodrigo García, por mor da denuncia do abade de Santa María de Monfero, que pescude sobre se don Rodrigo Gómez e outros cabaleiros derribaron os mollóns que delimitan o couto do mosteiro de Monfero e que, de ser iso certo, os mande levantar e que, así mesmo, revise os privilexios do cenobio e que obrigue a gardalos.*

B. ARG. Pergameos, n.º 117. En sentenza dada por Xoán Pérez, xuíz de terra de Pruzos, de 8 de decembro de 1261.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 298 (n.º 1449) [Datándoo o 8 de novembro].

### 115

1258, decembro, 4. Toledo.

*Afonso X ordena ao adiantado maior de León, don García Xil, e ao meiriño maior de Galicia, don Rodrigo García, que garden e fagan gardar os privilexios do mosteiro de Santa María de Carracedo.*

R. ADA, Ms. R-4, *Cartulario de Santa María de Carracedo*, f. 23.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 299 (n.º 1452).

Ed.: Martínez Martínez 1997: 376 (n.º 521).

## 116

[1258], decembro, 17. Madrid.

FALSO.

*Afonso X, a petición do prior de San Xoán de Caaveiro, confirma todos os seus privilexios, ordena que nin meiriño nin prestameiro entre nos seus coutos nin igrexas nin, «porque es mi capilla», cobre foro ou xantar, libera tamén de todo imposto aos servizais e homes do priorado e, por último, «mando al prior haga comendero en sus cotos que haga la justicia».*

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 300 e 388 (n.º 1459 e 2039).

Ed.: González 1830: 182-183 (n.º 56).

Este privilexio é, sen dúbida, atípico nas concesións afonsinas a mosteiros galegos, como pon en evidencia a mención a *mi capilla* ou a orde para que o prior nomee comendeiro. Chama tamén a atención a referencia a Afonso VII, «el Emperador, mio abuelo», quen «heredolo, e cotolo, e bienfecholo», ao priorado. Por outra banda, o Sabio confirma o 19 de marzo de 1281 a doazón de Santa María de Ribadeume e Santiago de Bermui de 1164 por Fernando II, así como o acoutamento –moi probablemente falso– de Caaveiro por parte de Afonso VII, datado en 1135. Destes dous diplomas Sancho IV confirmou só a doazón de Ribadeume e Bermui o 2 de setembro de 1286 (Sánchez Belda 1953: 365 [n.º 847]; Fernández de Viana y Vieites e González Balasch 2002: 358 [n.º 21]), o que permite supor ou, polo menos, pon en dúbida tanto a confirmación afonsina do couto como este atípico documento de 1258 que, por certo e incrementando a sospeita de falsidade, está mal datado en 1267. A súa primeira confirmación foi dada por Xoán II en 1420 (González 1830: 183), e converteuse entón no diploma sucesivamente presentado ante a corte para a súa confirmación, esquecéndose doutros privilexios, tanto auténticos como sospeitosos, así como da confirmación xenérica dos privilexios, usos e costumes do priorado concedida por Xoán I o 18 de setembro de 1380, confirmada por Enrique III en 1406 (Fernández de Viana y Vieites e González Balasch 2002: 374-375 e 384 (n.º 36 e 45)).

## 117

1259, febreiro, 5. Toledo.

*Afonso X dita sentenza no preito que mantén o Concello de Ourense contra a Igrexa auriense; inclúese o memorial de agravios presentado polo Concello e as querelas da catedral.*

A. ACOu, Privilexios 3, n.º 25. Orixinal. Pergameo, 575 x 590 mm.

Rex.: Duro Peña 1972: 44 (n.º 124); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 286 (n.º 1468 e 1469).

Ed.: DACO 1917: 179-184; Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 6r; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 284-289 (n.º 471).

**[117bis]**

1259, agosto, 27. Toledo.

*«Afonso X aproba a composición feita entre García Fernández, mestre de Alcántara, e Gonzalo Eanes de Nóvoa».*

Rexestado por González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 305 (n.º 1498), no documento, que publica B. Palacios Martín, non intervén Afonso X. Trátase dun rexesto que, na edición citada, di exactamente: «Gonzalo Ibáñez de Novoa reconece la propiedad de Alcántara sobre diferentes cotos situados en Galicia que la orden había cedido de manera vitalicia a su padre, Juan Pérez, durante el maestrazgo de su hermano Pedro Ibáñez» (Palacios Martín [dir.] 2000: 189 [n.º 199]).

**118**

1259, setembro, 26. Toledo.

*Afonso X, ante a queixa do abade electo do mosteiro de San Xulián de Samos, que lle presentou a orde de Afonso IX de 28 de outubro de 1195, que inclúe, para que ninguén que non sexa o mosteiro teña vasallos nos coutos do cenobio, ordena a don Rodrigo García, meiriño maior de Galicia, que cumpra a dita orde.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1244, n.º 1. En copia do seu traslado de papel a pergameo realizada en Ciudad Real o 1 de febreiro de 1266.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 335-336 (n.º 771); Pérez-Bustamante 1976: 14 (n.º 13); Ballesteros Beretta 1984: 1080 (n.º 431).

**119**

1259, setembro, 26. Toledo.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Salvador de Chantada a confirmación de Fernando III de 27 de outubro de 1231, que inclúe, que confirma xenericamente os bens e privilexios que o cenobio tiña á morte de Afonso IX.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1067, n.º 10. Orixinal. Pergameo, 457 x 905 mm.

A'. AHN, Clero, Carpeta 1067, n.º 11. Orixinal. Pergameo, 480 x 640 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 1068, n.º 20. En confirmación de Afonso XI de 25 de marzo de 1331.

C. AHN, Clero, Carpeta 1068, n.º 20. En traslado da confirmación de Afonso XI de 25 de marzo de 1331 realizado o 8 de decembro de 1345 por Pedro Fernández, notario de Chantada.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 335 (n.º 770); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 307 (n.º 1510).

Ed.: Méndez Pérez/Otero Piñeyro Maseda/Romaní Martínez 2016: 200-203 (n.º 15).

**120**

1259, setembro, 26. Toledo.

*Afonso X dá privilexio ao mosteiro de San Salvador de Chantada no que: 1) acouta e concede exención de entrada dos oficiais reais en todas as herdades do cenobio; 2) confirma a metade do portádego da feira de Chantada, segundo o mosteiro a tiña desde época de Afonso IX; 3) confirma os usos e costumes que ten o cenobio desde época de Afonso VII; 4) en caso de que os oficiais monásticos non fagan cumprir a xustiza nos homes do mosteiro, farao o meiriño real, se ben o que confisque ou tome ao reo será entregado ao cenobio; e 5) por mor da súa pobreza, concédelle exención de xantar e pedido.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1067, n.º 12. En traslado realizado o 11 de xullo de 1330 por Lourenzo Eanes, notario de Orcellón.

C. AHN, Clero, Carpeta 1067, n.º 13. En traslado realizado por Xoán Domínguez, notario do rei don Sancho en terras de Asma e Monterroso.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 336 (n.º 772); Ballesteros Beretta 1984: 1080 (n.º 432) [Datándoo o 23 de setembro]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 306 e 307 (n.º 1503 e 1511) [Trátase do mesmo documento, que datan en días distintos, 6 e 26 de setembro].

Ed.: Méndez Pérez/Otero Piñeyro Maseda/Romaní Martínez 2016: 203-206 (n.º 16).

Ballesteros Beretta 1984: 1080, dátao o 23 de setembro, mentres que González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 306 e 307 (n.º 1503 e 1511) dan dúas datas ao mesmo documento: a errónea do día 6 (n.º 1503) e a correcta, 26 de setembro (n.º 1511).

**121**

1260, xaneiro, 25. Toledo.

*Afonso X, por denuncia da Igrexa de Santiago de Compostela, ordena aos concellos «en el Camino de Santiago desde Logronno fasta León», ao adiantado maior de Castela e aos meiriños que vexan a carta que prohiban a fabricación e venda das «señales de Santiago» de estaño e chumbo, pois soamente poden facerse e venderse na cidade de Santiago ou onde o arcebispo compostelán ordene.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 154rv. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: González Vázquez 1996: 310; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 309-310 (n.º 1525).

Ed.: González Balasch 2004: 384-385 (n.º 201).



**122**

1260, agosto, 24. Sevilla.

*Afonso X desbota as acusacións que contra o bispo de Mondoñedo presenta o Concello de Viveiro e rexéitaa para que vaian a xuízo. O Concello esixía reparación polos roubos e danos cometidos por Pedro Fernández, a entrega do portádego que se lle arrebatara en Portocelo, San Cibrao e Bares, así como que se obrigue aos de Ribadeo a obedecelo como homes do seu termo.*

A. ACMd. Pergameos, n.º 37. Orixinal. Pergameo, 250 x 260 mm.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1097 (n.º 770) [Datándoo o 24 de agosto de 1270]; Cal Pardo 1990: 28 (n.º 37); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 318 e 427 (n.º 1581 e 2285) [Datando o n.º 2285 o 24 de agosto de 1270].

Ed.: Cal Pardo 1991: 85-86; Cal Pardo 1999: 93-95 (n.º 37); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 7r.

**123**

1260, decembro, 20. Sevilla.

*Afonso X doa ao cabaleiro Martiño Chapela unha casa no barrio da Abadía de Sevilla.*

Rex.: González Jiménez 1991: 259 (n.º 235); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 319 (n.º 1590).

Documento perdido, do Arquivo do Mosteiro de San Clemente de Sevilla.

**123B**

1261, xaneiro, 11. Sevilla.

*Afonso X doa á abadesa e monxas de San Clemente de Córdoba a horta que, na Axerquía, fora de don Lourenzo Suárez Gallinato para que fagan mosteiro nela.*

A. AMSCS, Sec. 1.ª, Leg. 1.º, n.º 30.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 320 (n.º 1594).

Ed.: González Jiménez 1991: 260-261 (n.º 237); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AAN 51v.

124

1261, febreiro, 21. Sevilla.

*Afonso X sentencia no preito entre a Igrexa compostelá e o Concello de Santiago de Compostela aprobando a sentenza dada por Fernando III en 1250 e emitindo veredicto aos diferentes agravios presentados tanto polo Concello como pola Igrexa.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 17v-23r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

C. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 7r-21v. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 311-312; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 321 (n.º 1599).

Ed.: López Ferreiro 1895: 264-277; González Balasch 2004: 109-121 (n.º 28).

125

1261, febreiro, 23. Sevilla.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Paio de Antealtares a confirmación xenérica de todos os seus bens e privilexios feita por Fernando III o 25 de febreiro de 1232, que inclúe.*

B. AHUSC, San Martiño, Privilexios, n.º 63. En copia simple de confirmación de Sancho IV de 5 de maio de 1286 en confirmación de Afonso XI de 24 de xaneiro de 1332.

C. AHUSC, San Martiño, Privilexios, n.º 64. En traslado notarial de 1335 de confirmación de Sancho IV de 5 de maio de 1286 en confirmación de Afonso XI de 24 de xaneiro de 1332.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 321 (n.º 1600).

Ed.: Lucas Álvarez 2001: 199-200 (n.º 21).

126

1261, marzo, 23. Sevilla.

*Afonso X confirma a concesión por Afonso IX do foral de Benavente á Pobra de Ouro e a confirmación do alfoz que lle dera o bispo de Mondoñedo don Martiño de 10 de abril de 1220, que inclúe.*

B. ACMd. Pergameos, n.º 38. En traslado realizado por Martín Suárez, notario de Castrodouro, o 26 de novembro de 1293.

Rex.: Cal Pardo 1990: 29-30 (n.º 38); Ballesteros Beretta 1984: 1083 (n.º 488) [Datándoo o 14 de maio]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 324 (n.º 1617).

Ed.: Cal Pardo 1999: 95-96 (n.º 38).

## 127

1261, outubro, 13. Sevilla.

*Afonso X ordena ao seu meiriño maior en Galicia, don Rodrigo García, por mor da denuncia do abade de Santa María de Monfero, que, en función da pescuda xa realizada sobre o couto do dito mosteiro, obrigue a Gonzalo Fernández de Sanxurxo, a Pedro Pardo e ao mordomo de dona Moor Afonso en terra de Ambroa a devolver a Monfero os vasalos do seu couto; obriga, así mesmo, ao primeiro que levante os mollóns que derribou. Para todo iso o meiriño conta coa pescuda sobre o couto monástico realizada –a raíz da orde de 24 de novembro de 1258 polo mesmo monarca– e lembra que non debe valer a prohibición rexia de que terra reguenga pase a abadengo, na que se escusan os anteditos, aos que El-Rei entregou a terra que estivera en mans de don Rodrigo Gómez, pois con esa prohibición «non queremos que por esta razón fañan forza nen torto a nenguno».*

B. ARG. Pergameos, n.º 117. En sentenza dada por Xoán Pérez, xuíz de terra de Pruzos, de 8 de decembro de 1261.

## [127bis]

1262, xaneiro, 1. Sevilla.

*«Privilexio de Afonso X a don Nuno, bispo de Mondoñedo».*

Rexestado por González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 332 (n.º 1665), que tomarían de Flórez (1764), no seu capítulo 7, se ben neste, con tal data, só figuran os estatutos outorgados polo bispo don Nuno ao seu cabido<sup>3</sup>.

## 128

1263, xaneiro, 12. Sevilla.

*Afonso X, a petición do Concello de Allariz, ordena que os seus xuíces xulguen segundo os forais dados polo emperador Afonso VII á vila e, en caso de haber recurso, que non sexa alzado á vila de Sahagún, como ordenara o Emperador, senón que sexa levado ante El-Rei.*

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 339 (n.º 1717).

Ed.: BCPMHAO 1908: 208 (n.º 75).

<sup>3</sup> «a cuyo fin dispuso unos estatutos –o bispo don Nuno– conservados en pergamino antiguo del cabildo, firmados a primero de enero del año 1262» (Flórez 1764: 160).

**129**

1263, febreiro, 1. Sevilla.

*Afonso X nomea como os seus procuradores a don Martín, bispo de León, a don García, bispo de Silves, ao mestre don Xoán Afonso, arcediago compostelán, e ao notario real mestre Rodolfo de Podio para que, no seu nome, soliciten a Urbano IV e aos cardeais a coroa imperial e defendan os seus intereses neste asunto.*

Rex.: Mansilla Reoyo 1956: 323-324 (n.º 90); González Vázquez 1996: 312; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 340 (n.º 1719).

**130**

1263, maio, 9. Sevilla.

*Afonso X sentencia no preito que manteñen a Igrexa de Santiago de Compostela co Concello da cidade sobre a interpretación da sentenza dada por Fernando III en 1250 e confirmada por el mesmo o 21 de febreiro de 1261, así como sobre novas denuncias que presenta o Concello compostelán contra o proceder da Igrexa xacobeá.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 27r-30v. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 312-313; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 342 (n.º 1734).

Ed.: López Ferreiro 1895: 282-289.

**131**

1263, maio, 9. Sevilla.

*Afonso X ordena aos seus alcaldes Pedro Rodríguez e Pedro Cordeiro que investiguen sobre o preito entre a Igrexa de Santiago de Compostela e o Concello da cidade sobre se, segundo o acordo feito en tempos de Fernando III, as herdades que os composteláns adquiriron despois do dito acordo estaban obrigadas a facer o foro que nel se ordena.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 31r-32r. Copia simple.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 342 (n.º 1735).

Ed.: López Ferreiro 1895: 279-280.

**132**

1263, xullo, 6. Sevilla.

*Afonso X rexeita as reclamacións do Concello de Ourense contra o bispo e cabido aurienses sobre o foro que deben facer os cidadáns polo froito das árbores plantadas nos viñedos e pola auga coa que se regan as viñas.*

A. ACOu, Privilexios 3, nº 26. Orixinal. Pergameo, 207 x 213 mm.

Rex.: Duro Peña 1972: 44 (n.º 125); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 343 (n.º 1745).

Ed.: DACO 1917: 195-196; Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 7v; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 329-330 (n.º 513).

**133**

1263, novembro, 14. Sevilla.

*Afonso X, recibida a investigación previamente encargada, sentencia no preito que manteñen Concello e Igrexa de Ourense sobre os escusados que deben ter na cidade o bispo e o cabido e sobre as «cuchares» do pan. O monarca establece que serán escusados todos os «paniaguados» –quen viva con eles nas súas casas– do bispo, dignidades e cóengos, correspondéndolle ao prelado seis artesáns máis na cidade; e que o produto das «cuchares» debe repartirse a medias entre Concello e Igrexa.*

A. ACOu, Privilexios 3, nº 26. Orixinal. Pergameo, 207 x 213 mm.

Rex.: Duro Peña 1972: 44 (n.º 126); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 347 (n.º 1768).

Ed.: DACO 1917: 196-198; Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 8r; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: 332-333 (n.º 516).

**134**

1264, xaneiro, 30. Sevilla.

*Afonso X comunica á Igrexa de Santiago de Compostela as denuncias postas contra ela polo Concello compostelán, e dá prazo ás partes para que se presenten ante el o próximo día de santo André.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 36r-37r. Copia simple.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 349-350 (n.º 1785).

Ed.: López Ferreiro 1895: 292-293.

**135**

1264, xaneiro, 30. Sevilla.

*Afonso X comunica ao arcebispo de Santiago de Compostela a denuncia posta contra el polo Concello compostelán, que o acusa de terlle obrigado a entregarlle 4200 marabedís, que piden que se lles devolvan aumentados, por mor do mal feito, dándolle prazo para presentarse ante el a xuízo o vindeiro día de santo André.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 37v-38r. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1086 (n.º 546); González Vázquez 1996: 313; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 349 (n.º 1783).

Ed.: López Ferreiro 1895: 293-294.

**136**

1264, xaneiro, 30. Sevilla.

*Afonso X comunica ao Concello de Santiago de Compostela que ante a corte acudiron tanto os seus procuradores como os da Igrexa compostelá, que solicitaron que se publicasen as investigacións realizadas polos alcaldes reais Pedro Rodríguez e Pedro Cordeiro sobre os viláns reguengos e a realizada polo alcalde real Martiño López co obxecto de que as partes preparasen a súa defensa. Entregadas ás partes, a Igrexa pretende que a primeira pescuda non é válida, mentres que o Concello di o mesmo da segunda. O monarca empra a ás partes para o vindeiro día de santo André.*

B. ACSC, *Tumbo B*, ff. 71r-72r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

C. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 36r-37r. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 313; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 350 (n.º 1786).

Ed.: López Ferreiro 1895: 294-296; González Balasch 2004: 218-219 (n.º 103).

**137**

1264, xaneiro, 30. Sevilla.

*Afonso X sentencia no preito entre a Igrexa compostelá e o Concello de Santiago de Compostela ordenando que nin o pertegueiro maior nin outros pertegueiros interveñan nas compras e rendas dos veciños da cidade, que nas investigacións se poña o nome das testemuñas, ditaminando así a favor do Concello, que os xuíces cregos reciban «alçada de uoz assy como dis la nostra sentençia» mentres que deixa en suspenso o asunto sobre os homes bos que debe nomear a Igrexa nos preitos cos cidadáns, que corresponde a outro preito.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 16rv. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

C. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 37rv. Copia simple.

Rex.: González Vázquez 1996: 313; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 349 (n.º 1784).

Ed.: López Ferreiro 1895: 290-291; González Balasch 2004: 106-107 (n.º 25).

### 138

1264, febreiro, 6. Sevilla.

*Afonso X ordena ao arcebispo de Santiago de Compostela que obrigue a repartir as herdades que os veciños da cidade de Santiago teñen fóra dela e advirte que algúns que teñen parte nelas non as queren dividir.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 36r. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1086 (n.º 547); González Vázquez 1996: 313; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 350 (n.º 1788).

Ed.: López Ferreiro 1895: 296-297.

### 139

1264, febreiro, 25. Sevilla.

*Afonso X ordena aos seus alcaldes Pedro Rodríguez e Pedro Cordeiro a forma en que deben actuar para establecer as herdades que son propiedade dos veciños da cidade de Santiago de Compostela.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 32rv e 39v-40r. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1086 (n.º 550); González Vázquez 1996: 313; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 351 (n.º 1794).

Ed.: López Ferreiro 1895: 280-281.

### 140

1264, febreiro, 25. Sevilla.

*Afonso X ordena aos seus alcaldes Pedro Rodríguez e Pedro Cordeiro que tomen declaración ás testemuñas que dean razón sobre as herdades que son propiedade dos veciños da cidade de Santiago de Compostela.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 32v-33r e 40r. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1086 (n.º 551); González Vázquez 1996: 313; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 351 (n.º 1794).

Ed.: López Ferreiro 1895: 281-282.

### 141

1264, xuño, 5. Sevilla.

*Afonso X e Afonso III de Portugal acordan nomear «partidores» que delimiten as fronteiras dos seus reinos. O primeiro, para marcar a fronteira «de Sauugal ata en Mino» nomea aos bispos de Lugo e de Ourense, a don Afonso Fernández e a don Gutierre Suárez, dos que irán soamente dous, que deben reunirse cos seus colegas portugueses en Bragança oito días despois do día de Pascua de Resurrección do vindeiro ano.*

B. ANTT, Chancelaría de Afonso III, Liv. III, ff. 14v-15r.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1086 (n.º 559) [Datándoo o día 15]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 355 (n.º 1825).

Ed.: González Jiménez 1991: 312-313 (n.º 285).

### 142

1264, xuño, 22. Sevilla.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Cibrán de Bribes a confirmación de Fernando III de 6 de febreiro de 1232, que inclúe, na que se confirman: 1) a doazón feita por Fernando II o 12 de xuño de 1186; 2) a doazón do reguengo de Santa María de Chantada, por Afonso IX, sen data; e 3) o privilexio de acoutamento para todas as súas herdades e exención de peitas para os seus vasallos, por Afonso IX, sen data.*

B. AHN, Clero, Carpeta 490, n.º 4. En confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 336-337 (n.º 773); Lucas Álvarez 1999: 909 (n.º 8); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 356 (n.º 1829).

### 143

1264, agosto, 5. Sevilla.

*Alfonso X, a petición do Concello de Pontevedra, «porque este privilexio non era seellado e por mala guarda fuera dañado de agua», confirma o foral de Pontevedra concedido por Fernando II en decembro de 1169, que inclúe.*



Museo de Pontevedra, Orixinal. Pergameo, 555 x 575 mm.

Reg.: Ballesteros Beretta 1984: 1086 (n.º 557 e 558); González Jiménez e Carmona Ruiz (2012): 355 (n.º 1823 e 1824).

Ed.: Fernández-Villamil Alegre 1942: 138-141.

Tanto Ballesteros como González Jiménez e Carmona Ruiz fan dous documentos do que é soamente un, esta confirmación do foral pontevedrés de 1169.

#### 144

1265, xaneiro, 22. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a doazón de tres casais na vila de Rabal feita ao mosteiro por dona Tareixa Xil.*

B. ACOu, Monacais, Melón, n.º 1822. En traslado realizado por Xoán Airas, notario de Ribadavia, de 28 de abril de 1304.

C. AHN, Códices, L. 325, f. 26rv. Copia simple dun traslado notarial de 1274.

D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 237rv. Copia simple dun traslado notarial de 1274.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 161 (n.º 1822); Sánchez Belda 1953: 337 (n.º 774); Duro Peña 1972: 99 (n.º 330);

González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 361 (n.º 1859).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 655.

#### 145

1265, abril, 30. Sevilla.

*Afonso X, vistas as probas presentadas no preito sobre a igrexa de [Santa María de] Cereixido de Valdeorras, sentencia que pertencía á Igrexa de Astorga, e ordena que nin Xoán Gato, nin o seu procurador, nin outra persoa a molesten sobre a dita propiedade.*

B. BN, Ms. 712, f. 138v.

C. BN, Ms. 4357 (*Tumbo Blanco de Astorga*), f. 85r.

Rex.: Cavero Domínguez/Martín López 2000: 490 (n.º 1339); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 364 (n.º 1882).

#### 146

1265, maio, 6. Sevilla.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa Comba de Órrea a exención de todo imposto real, salvo moeda, concedida ás súas monxas por Afonso IX o 3 de marzo de 1213, que inclúe.*

B. ACMd. Pergameos, n.º 90. En confirmación de Fernando IV de 9 de xuño de 1304 en confirmación de Afonso XI de 20 de abril de 1317 en confirmación deste mesmo monarca de 29 de xuño de 1332.

C. ACMd. Pergameos, n.º 101. En confirmación de Fernando IV de 9 de xuño de 1304 en confirmación de Afonso XI de 20 de abril de 1317 en confirmación deste mesmo monarca de 29 de xuño de 1332 en confirmación de Pedro I de 15 de decembro de 1351.

Rex.: Cal Pardo 1990: 49 (n.º 90); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 365 (n.º 1886).

Ed.: Cal Pardo 1985: 50-61 (n.º 2); Cal Pardo 1999: 212 e 254-255 (n.º 90 e 101).

### 147

1265, xuño, 4. Valladolid.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil a confirmación do couto e concesión de exencións dadas por Fernando III, previa investigación, o 10 de xuño de 1231, que inclúe.*

A. ACOu, Monacais, n.º 941. Orixinal. Pergameo, 480 x 387 mm.

B. ACOu, Monacais, n.º 2164. En traslado realizado o 7 de maio de 1330 por Xoán de Rabal, notario de Caldelas e Trives.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 83 (n.º 941); Duro Peña 1972: 99-100 (n.º 331); Fernández Suárez 1974: n.º 13.

Ed.: Rodríguez Muñiz 2010: 114-115 (n.º 15).

### 148

1266, febreiro, 1. Ciudad Real.

*A petición do abade de San Xulián de Samos, Afonso X ordena trasladar a pergameo a súa orde de 26 de setembro de 1259 na que manda que se respecte a orde de Afonso IX de 28 de outubro de 1195, que inclúe, para que ninguén que non sexa o mosteiro teña vasallos nos coutos do cenobio.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1247, n.º 4. En confirmación de Sancho IV de 3 de xullo de 1287.

C. AHN, Clero, Carpeta 1244, n.º 1. Copia simple coetánea.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 337 (n.º 775); Ballesteros Beretta 1984: 1088 (n.º 593).

### 149

1266, marzo, 15. Sevilla.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Meira a doazón de Fernando III da terra de Ribeira de Piquín e o que nela pertence ao monarca de 16 de xaneiro de 1232.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1136, n.º 18. Orixinal. Pergameo, 464 x 584 mm.  
 Rex.: Sánchez Belda 1953: 337-338 (n.º 776); Ballesteros Beretta 1984: 1088 (n.º 596); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 368 (n.º 1908).

### 150

1267, febreiro, 16. Badajoz.

*Afonso X de Castela, León e Andalucía e Afonso III de Portugal acordan as fronteiras entre os seus reinos.*

A. ANTT, Gaveta 18, Maço 3, n.º 24.  
 B. ANTT, Chancelaría de Afonso III, Liv. III, f. 87rv.  
 Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1086 (n.º 559); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 380 (n.º 1963).  
 Ed.: González Jiménez 1991: 351-353 (n.º 322).

### 151

1267, abril, 1. Sevilla.

*Afonso X, a quen os concellos de Pontevedra e doutras vilas do arcebis-pado de Santiago de Compostela fixeron servizo «para ayuda desta guerra», ordena que non sexan diminuídos os seus privilexios senón que se lles garden.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 111r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.  
 Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1090 (n.º 630); González Vázquez 1996: 314; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 381 (n.º 1990 e 1992).  
 Ed.: López Ferreiro 1895: 302; González Balasch 2004: 305-306 (n.º 147).

### 152

1267, abril, 1. Sevilla.

*Afonso X prohibe ao Concello de Santiago de Compostela facer «uizindades et aiuntamientos con cabaleyros et con outros omes que non son uuestros uizinos nem moran en uuestra uilla nen en uuestro lugar».*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 44v-45r. Copia simple.  
 Rex.: González Vázquez 1996: 314; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 381 e 387 (n.º 1991 e 2037) [Datando o segundo rexesto o 1 de decembro].  
 Ed.: López Ferreiro 1895: 299.

**153**

1267, abril, 2. Sevilla.

*Afonso X ordena ao Concello de Santiago de Compostela que non faga xustiza salvo na maneira que se establece nos acordos e sentenzas dadas por Fernando III en 1250 e por el mesmo o 21 de febreiro de 1261 e o 9 de maio de 1263, e ordena así mesmo que obvie o mandato que lle enviou para que mantivese seguros os camiños que levan á cidade, onde «andauan muchos ladrones et robadores et malfechores» sen que os pertegueiros e meiriños o impedisen.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 45r. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1090 (n.º 629); González Vázquez 1996: 314; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 381 (n.º 1993).

Ed.: López Ferreiro 1895: 300.

**154**

1267, abril, 2. Cantillana.

*Afonso X ordena ao Concello de Santiago de Compostela que non inclúa nos seus «pechos» a quen fose escusado do arcebispo e do cabido.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, f. 45rv. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1091 (n.º 650) [Datándoo o 18 de decembro]; González Vázquez 1996: 314; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 382 (n.º 2001).

Ed.: López Ferreiro 1895: 300-301.

**155**

1267, abril, 12. Sevilla.

*Afonso X, por denuncia da Igrexa de Lugo, ordena aos meiriños de Monforte, Sarria, Castroverde e outras vilas do bispado lucense que non demanden tributo ningún aos servizais do bispo e cóengos e que, de telos tomado, llelos devolvan.*

A. ACLu, Libro 10, n.º 24. Orixinal. Pergameo.

B. ACLu, Libro 10, n.º 8. En confirmación de Sancho IV de 19 de abril de 1285 en confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380.

C. ACLu, Libro 10, n.º 61. En confirmación de Sancho IV de 19 de abril de 1285 en confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380 en confirmación de Enrique III de 12 de xullo de 1401.

D. ACLu, Atado N.º 5. En confirmación de Sancho IV de 19 de abril de 1285 en confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380 en confirmación de Enrique III de 12 de xullo de 1401 en confirmación de Xoán II de 7 de xullo de 1408.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 338 (n.º 777); Ballesteros Beretta 1984: 1090 (n.º 631); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 379 e 382 (n.º 1977 e 1998).  
Ed.: Risco 1798: 374 (n.º 37); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 8v; Cañizares del Rey 2015: 278 (n.º 441).

### 156

1267, xullo, 28. Sevilla.

*Afonso X ordena aos xustizas e Concello de Santiago de Compostela que non fagan xustiza salvo na maneira que se establece nos acordos e sentenzas dadas por Fernando III en 1250 e por el mesmo o 21 de febreiro de 1261 e o 9 de maio de 1263, que non ameacen aos cabaleiros, fidalgos e homes da Terra de Santiago e que, de ter algunha demanda que facerlles, a presenten aos vigairos e xuíces que corresponde.*

B. ACSC, *Tumbillo de Concordias*, ff. 45v-46r. Copia simple.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1090 (n.º 637); González Vázquez 1996: 314; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 415 (n.º 2016).

Ed.: López Ferreiro 1895: 301.

### 157

1267, outubro, 19. Jerez de la Frontera.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Meira a exención de portádego outorgada por Fernando II o 27 de maio de 1159, que inclúe.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1146, n.º 12. En confirmación de Sancho IV de 22 de febreiro de 1287 en confirmación de Afonso XI de 18 de decembro de 1331.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 338 (n.º 778); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 386 (n.º 2026 e 2027).

### 158

1268, febreiro, 15. Jerez de la Frontera.

*Afonso X exime aos veciños de Lugo de ser peñorados ou encarcerados por débedas do pago do xantar ao bispo lucense.*

R. AHPL, Fondo Muncipal, Resumo en Inventario dos privilexios do Concello de finais do século XIV.

Rex.: García Oro 1991: 78; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 391 (n.º 2060).

Cit.: García Oro 1991: 54; Portela Silva/García Oro 1997: 265.

159

1268, abril, 4. Jerez de la Frontera.

*Afonso X confirma ao mosteiro de San Martiño Pinario a confirmación de Fernando III de 2 de outubro de 1232, que inclúe, do mandato polo que Afonso IX ordena que aos servizais do cenobio non se lles tomen pedidos nin marabedís, de 16 de abril de 1218.*

B. AHN, Clero, Carpeta 515, n.º 10. En confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332 en confirmación do mesmo Afonso XI de 15 de marzo de 1344.

C. AHN, Clero, Carpeta 515, n.º 17. En traslado notarial da confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332 en confirmación de Pedro I de 12 de outubro de 1365.

D. AHN, Clero, Carpeta 516, n.º 5. En confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332 en confirmación do mesmo Afonso XI de 15 de marzo de 1344 en confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380 en confirmación de Enrique III de 25 de abril de 1391.

E. AHN, Clero, Carpeta 516, n.º 10. En confirmación de Fernando IV de 1 de xuño de 1305 en confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332 en confirmación do mesmo Afonso XI de 15 de marzo de 1344 en confirmación de Xoán I de 20 de setembro de 1380 en confirmación de Enrique III de 22 de xuño de 1401.

F. AHN, Clero, Carpeta 515, n.º 6. En copia coetánea da confirmación de Afonso XI de 10 de xaneiro de 1332. Rex.: Sánchez Belda 1953: 338-339 (n.º 779); Buján Rodríguez 1996: 304 (n.º 239); Lucas Álvarez 1999: 167 (n.º 145); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 394 (n.º 2082 e 2083).

Ed.: Lucas Álvarez 2003: 283-284 (n.º 127).

160

1268, abril, 26. Jerez de la Frontera.

*Afonso X, a petición e demanda dos mosteiros de Oseira, Melón, Sobrado, Meira, Montederramo, Armenteira, Oia, Monfero, Fiães, Penamaior e Xunqueira de Espadanedo, que protestan porque os concellos onde teñen propiedades lles fan pagar nas súas peitas e porque os oficiais reais lles toman así mesmo peitas e pedidos aos homes que viven nas súas herdades e coutos, ordena ao adiantado maior de Galicia que chame aos persoeiros dos concellos demandados e que, de recoñecer as acusacións dos cenobios, lles devolvan o tomado e, de non recoñecelas, que os emprace ante a corte; ordena así mesmo que os oficiais reais non tomen peitas nin pedidos aos vasallos dos mosteiros senón só como se facía en tempos de Afonso IX.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1451, n.º 10. Orixinal. Pergameo, 207 x 325 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 1545, n.º 19. En confirmación de Sancho IV de 19 de abril de 1290 en confirmación de Afonso XI de 12 de marzo de 1335.

C. AHN, Clero, Carpeta 1531, n.º 19. En traslado realizado por Xoán Domínguez, notario de Caldelas e Trives, o 26 de abril de 1281, con erro na súa data, pois dá o día 16 de abril.

D. AHN, Clero, Carpeta 1808, n.º 16. En traslado realizado polos notarios Vidal Domínguez e Martiño Pérez, do Concello de Baiona, Xiraldo Domínguez, do Concello da Guarda, e Pedro González, escusador de Pedro Cousido, de Tui, da confirmación de Sancho IV de 9 de xuño de 1290.

E. AHN, Códices, L. 323, ff. 33v-34r. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 339-341 (n.º 781, 782 e 784); Pérez-Bustamante 1976: 15-16 (n.º 15, 16 e 17); Ballesteros Beretta 1984: 1092 (n.º 609 e 672); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 397 (n.º 2099 e 2101).

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 695; Romaní Martínez 1989: 913-914 (n.º 960).

Os tres rexestos redactados por Sánchez Belda corresponden, en realidade, a un só documento conservado nos fondos de Melón, Oia e Oseira, sendo o que corresponde a este último o rexestado como n.º 784, que fai referencia aos n.º 781 e 782, non ao n.º 783 segundo indica o autor.

## 161

1268, abril, 26. Jerez de la Frontera.

*Afonso X, a petición e demanda dos mosteiros de Oseira, Melón, Sobrado, Meira, Montederramo, Armenteira, Oia, Monfero, Fiães, Penamaior e Xunqueira de Espadanedo, que se queixan dos meiriños da terra e dos nobres, que quebrantaban os seus dereitos, ordena ao adiantado maior de Galicia: 1) que non esixa aos citados mosteiros en concepto de xantar máis de vinte marabedís anuais, cando fose persoalmente a cada un deles, segundo se acostumaba anteriormente; 2) que prohiba aos meiriños e mordomos dos ricoshomes esixir prestacións nos abadengos; e 3) que impida aos nobres os abusos de poder cos que forzaban os coutos dos mosteiros nos casos citados na carta.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1803, n.º 3. En traslado realizado por Durán Pérez, notario de Tui, o 14 de xaneiro de 1276. Rex.: Sánchez Belda 1953: 340-341 (n.º 783); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 397 (n.º 2100).

## 162

1268, agosto, 6. Sevilla.

*Afonso X sentencia o preito que mantén o mosteiro de Santa María de Ferreira de Pallares cos veciños das freguesías de San Pedro de Vilaxuste, San Cibrao de Nespereira e San Salvador de Guntín sobre os deberes destes para co cenobio, no que estipula o seguinte: 1) o mosteiro recibirá dous soldos de cada habitante por razón de xantar, e un de cada viúva, e tres carneiros anuais por freguesía por razón de hospedaxe; 2) o mosteiro tomará baixo a súa protección e amparo aos fregueses; 3) que os veciños «non les uayan a boz nin querelloso nin les fagan responder a ella sinon en muerte o en feridas de omme o en furto o en casa quemada o en quebrantamiento della o en robo o en rosso o en fuerça de mujer»; 4) que tampouco acudan «en assonada» salvo para amparar ao mosteiro; 5) condena ao abade nas custas do xuízo; e 6) ordena ao adiantado don Estevo Fernández que devolva ao mosteiro os bens tomados en peñor polo xuízo.*

- A. AHN, Clero, Carpeta 1091, n.º 3. Orixinal. Pergameo, 335 x 233 mm.
- B. AHN, Clero, Carpeta 1102, n.º 8. En confirmación de Pedro I de 20 de marzo de 1353.
- C. AHN, Clero, Carpeta 1091, n.º 5. En traslado realizado por Pedro Martínez, notario en terra de Pallares, o 16 de xuño de 1307.
- D. AHN, Clero, Carpeta 1101, n.º 3. En traslado realizado o 13 de xuño de 1341 por Fernando Pérez, notario de Lugo, da confirmación dada por Afonso XI o 5 de xuño de 1336.
- E. AHN, Clero, Carpeta 1091, n.º 4. Copia simple coetánea.
- Rex.: Sánchez Belda 1953: 341-342 (n.º 785); Ballesteros Beretta 1984: 1092 (n.º 681); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 399 (n.º 2112).
- Ed.: Rey Caíña 1985: 600-603 (n.º 229); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 9r.

### 163

1269, febreiro, 10. Valladolid.

*Afonso X ordena a Lope Díaz de Rojas e a Xoán Hurtado de Mendoza, os seus meiriños maiores no reino de Galicia, que non esixan preitos nin pedidos aos vasallos do mosteiro de Santa María de Monfero.*

- B. AHN, Clero, Carpeta 501, n.º 8. En traslado notarial realizado no século XIV.
- Rex.: Sánchez Belda 1953: 342 (n.º 786); López Sangil 2002: 686; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 402 (n.º 2133).

### 164

1269, agosto, 8. Toledo.

*Afonso X confirma á Igrexa e ao bispo de Lugo a confirmación xenérica dos seus privilexios realizada por Fernando III o 10 de marzo de 1231, que inclúe.*

- A. ACLu, Atado 5. Orixinal. Pergameo.
- B. ACLu, Atado 2, n.º 10. En traslado notarial do século XIII.
- C. ACLu, Libro 10, n.º 26. En traslado notarial de 1313.
- Rex.: Sánchez Belda 1953: 342 (n.º 787); Ballesteros Beretta 1984: 1094 (n.º 709); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 407 (n.º 2165).
- Ed.: Cañizares del Rey 2015: 285-287 (n.º 446).



**165**

1270, marzo, 17. Sevilla.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santo Antoniño de Toques a confirmación xenérica de todos os seus bens e privilexios feita por Fernando III o 5 de novembro de 1231, que inclúe.*

Rex.: Lucas Álvarez 2001: 285 (n.º 7).

**166**

1270, maio, 12. Burgos.

*Afonso X dá á Igrexa de Lugo o reguengo de Santa Mariña de Ramil, con catro servizais para que o labren, a cambio das propiedades da Igrexa no lugar de Santa María de Valonga, onde fundou a Pobra de Luaces a petición dos homes da terra; doa tamén á catedral lucense a igrexa da vila e de calquera outra igrexa que se levantase nela, así como un soar para o bispo e outro para o cabido.*

A. ACLu, Libro 10, n.º 25. Orixinal. Pergameo.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 342-343 (n.º 788); Ballesteros Beretta 1984: 1096 (n.º 744); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 419 (n.º 2238).

Ed.: Risco 1798: 375-376 (n.º 38); CDH-RAG 1915: 153-154 (n.º 47); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 6v [Datándoo en 1260].

**167**

1270, maio, 13. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santo Estevo de Chouzán a confirmación de Fernando III de 21 de abril de 1232, que inclúe, da exención de entrada de calquera oficial rexio no couto monástico así como de pedido real aos homes do mosteiro concedida por Afonso IX o 11 de febreiro de 1213.*

A. AHUSC, Clero, Pergameos, Col. Blanco Cicerón, n.º 126. Orixinal. Pergameo, 460 x 570 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 521, n.º 19. En traslado realizado polo notario Rodrigo Pérez.

C. AA, Pergameos, Santo Estevo de Chouzán, Mazo 1A, n.º 9. En traslado realizado polo notario [...] Fernández en 1271.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 343 (n.º 789); Buján Rodríguez 1996: 20 e 223 (n.º 17 e 303); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 419 (n.º 2239).

Ed.: Pichel Gotérrez 2009: 182-188 (n.º 44).

**168**

1270, xullo, 15. A Proba de Burón.

*Don Fernando de la Cerda ordena aos concellos e meiriños de Galicia e Asturias que garden os privilexios do mosteiro de Santa María de Villanueva de Oscos.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1635, n.º 20. Orixinal. Pergameo, 2340 x 140 mm.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1097 (n.º 765); Álvarez Castrillón 2007: 394 (n.º 171); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 614 (n.º 3406).

Ed.: Ruiz de la Peña Solar 2007: 350-351 (n.º 2); Pardo Rodríguez 2009: 142-143 (n.º 8).

**169**

1270, xullo, 24. Santiago de Compostela.

*Don Fernando de la Cerda, no preito que mantén o mosteiro de San Xulián de Samos con Fernando Pérez, fillo de Rodrigo Rodríguez de Sarria, e Pedro Rodríguez de Sarria, que pretendían ter dereito a ter amos e vasalos nos habitantes do couto monástico, ditamina a favor do mosteiro.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1244, n.º 15. Orixinal. Pergameo, 195 x 210 mm.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 343-344 (n.º 790); Ballesteros Beretta 1984: 1097 (n.º 767); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 615 e 625 (n.º 3407 e 3469) [Datando o segundo o 4 de xullo de 1275 e dando como unha das partes a don Fernando Pérez de Castro].

Ed.: Pardo Rodríguez 2009: 143-144 (n.º 9).

**170**

1270, decembro, 30. Guadalajara.

*Afonso X, a petición dos homes das terras de Pruzos e Bezoucos, funda a vila de Pontedeume, á que dá o foral de Benavente, e demarca o seu termo.*

En confirmación de Fernando IV de 5 de marzo de 1306 en confirmación de Afonso XI de 24 de xullo de 1345.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 430 (n.º 2307).

Ed.: López Ferreiro 1901: 161-169 (n.º 34).

## 171

1271, xuño, 19. Murcia.

*Afonso X comunica ao bispo de Mondoñedo que o Concello do Castro de Ouro presentou contra el unha demanda por usurpar as herdades de Trasrío, Vilabona e a que pertenceu a Osorio Díaz, e dálle prazo para nomear un procurador que compareza ante os alcaldes da corte.*

Rex.: Sánchez Belda 1953: 344 (n.º 791); Mayán Fernández (1994): 100; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 435 (n.º 2238 e 2239).

Este documento atópase nun dos cartularios da catedral de Mondoñedo que hoxe se custodian no AHN en dúas copias, das cales, segundo Sánchez Belda, polo menos unha é do século xv, tendo datas distintas: 17 e 19 de xuño de 1271. A primeira é a tomada por Mayán e a segunda por Sánchez Belda, e deron así orixe aos dous rexestos do mesmo documento ofertados por González Jiménez e Carmona Ruiz.

## 172

1271, agosto, 10. Murcia.

*Relación de bens, lugares e rendas recibidos pola Orde de San Xoán do Hospital de Afonso X a cambio das vilas de Serpa, Moura e Mourão, entre os que se inclúen, en Galicia, a igrexa de Santa María de Castrelo de Miño e o portádego e os dereitos da terra de Quiroga, salvo moeda e xantar.*

B. ANTT, Gaveta 14, Maço 1, n.º 9. Inseto no cambio entre Afonso X e a Orde de San Xoán do Hospital de 11 de marzo de 1281.

Ed.: González Jiménez 1991: 402-403 (n.º 382); De Ayala Martínez (ed.) 1995: 564-566 (n.º 345); García Tato 2004: 182-183 (n.º 83).

## 173

1271, decembro, 17. Murcia.

*Afonso X, a petición do bispo de Mondoñedo, traslada a pergameo a súa orde de 9 de outubro de 1258 sobre o pago de portádego aos concellos de Viveiro e Ribadeo.*

B. ACMD. Pergameos, n.º 42. Orixinal. Pergameo, 172 x 270 mm.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1099 (n.º 810); Cal Pardo 1990: 30 (n.º 42); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 441 (n.º 2379).

Ed.: Cal Pardo 1999: 100 (n.º 42).

174

1271, decembro, 25. Murcia.

*Afonso X, por denuncia do bispo de Mondoñedo, ordena ao adiantado maior de Galicia, don Estevo Fernández, e a todos os seus meiriños que obriguen a pagar a martiñega a todos aqueles homes do bispo mindoniense que deben facelo.*

B. ACMd. Pergameos, n.º 43. En traslado realizado por orde do mesmo Afonso X para pasalo de papel a pergameo de 13 de febreiro de 1274.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1099 (n.º 813); Cal Pardo 1990: 31 (n.º 43); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 441 (n.º 2377).

Ed.: Cal Pardo 1991: 84; Cal Pardo 1999: 101 (n.º 43); Herrera/Sánchez González de Fauve/Zabia 1999: AGA 10v. Todas as edicións e rexestos datan este documento o día 25 de decembro a pesar de que, nas primeiras, se transcribe: *Dada en Murçia veynt e çinco días de deçembre.*

175

1272, xaneiro, 18. Murcia.

*Afonso X, por denuncia da Igrexa de Mondoñedo, ordena ao adiantado maior de Galicia, don Estevo Fernández, que prohiba a calquera meiriño real tomar tributo nos lugares da Igrexa mindoniense, excepto cando o mesmo adiantado se presente neles, unha vez por ano, a facer xustiza, así como que fagan pescudas xerais nos ditos lugares e que entren neles, salvo aos catro casos de corte.*

B. ACMd. Pergameos, n.º 59. En confirmación de Sancho IV de 27 de agosto de 1278 en traslado ordenado polo mesmo Sancho IV para pasar o diploma de papel a pergameo de 13 de maio de 1282 en confirmación de Fernando IV de 8 de febreiro de 1305.

C. ACMd. Pergameos, n.º 88. En confirmación de Sancho IV de 27 de agosto de 1278 en traslado ordenado polo propio Sancho IV para pasar o diploma de papel a pergameo de 13 de maio de 1282 en confirmación de Fernando IV de 8 de febreiro de 1305 en confirmación de Afonso XI de 20 de setembro de 1329.

D. ACMd. En traslado en papel da confirmación de Fernando IV realizado o 19 de outubro de 1308 por Afonso Eanes, notario de Mondoñedo.

Rex.: Cal Pardo 1990: 36 (n.º 59); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 473 (n.º 2601).

Ed.: Cal Pardo 1999: 132-133 (n.º 59) e 206-208 (n.º 88).

Moi probablemente este documento se trate así mesmo do rexestado por González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 442 (n.º 2386), que datan o 21, sen mes, de 1272.

**176**

1272, febreiro, 24. Murcia.

*Afonso X confirma a sentenza de Fernando III de 17 de febreiro de 1251 sobre o foral da freguesía de San Cristovo de Lestedo e os impostos que deben pagar.*

A. AHN, San Marcos, Carpeta 375, n.º 61.

Ed.: Novo Cazón 1986: 250-251 (n.º 46).

**177**

1272, setembro, 15. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Oia a exención de portádego e de todo pago que deberan pagar as barcas que leven pan, viño, sal e outras vituallas ao dito mosteiro concedida por Afonso IX o 16 de xaneiro de 1213, que inclúe.*

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 9v.

Este documento que, segundo as editoras, se conserva no Arquivo da Catedral de Tui, no Fondo de Curia Diocesana, non se cita en ningún outro lugar, e tampouco o diploma que confirma, dado no mesmo mosteiro de Oia, que encaixa ben no itinerario de Afonso IX, quen concede o 8 de xaneiro unha doazón en Santiago de Compostela e o día 29 outra na vila de Milmanda (González González 1944, t. 2, 385-386).

**178**

1272, setembro, 21. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Oia, a petición do seu abade, o privilexio de nomear xuíces nos seus coutos que xulguen os preitos aos seus habitantes, privilexio do que gozaba o mosteiro desde tempos de Afonso IX.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1803, n.º 13. Orixinal. Pergameo, 185 x 197 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 1821, n.º 11. En confirmación de Afonso XI de 25 de outubro de 1318.

C. AHN, Clero, Carpeta 1803, n.º 14. En traslado realizado por Francisco Fernández, notario de Baiona e Val de Miñor.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 344 (n.º 792); Ballesteros Beretta 1984: 1101 (n.º 854); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 454 (n.º 2465).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 10r.

**179**

1272, setembro, 21. Burgos.

*Afonso X confirma ao mosteiro de Santa María de Oia a doazón de Afonso IX de 15 de agosto de 1219, que inclúe, da aldea de Burgueira.*

ARCV, Pergameos, Carpeta 98, n.º 3.

Ed.: Herrero Jiménez 2004: n.º 73.

**180**

1272, novembro, 16. Santiago de Compostela.

*O infante don Sancho, alférez e almirante da confraría de Santa María de España, ordena aos que teñan por el os celeiros de Laias, Chamosiños, Raposeira e Vimieiros, sobre os que o cabido compostelán debe recibir anualmente douscentos maravedís e segundo o seu pai lle mandou pagarlle, que satisfagan esa cantidade e que lla entreguen anualmente, a partir de agora, o día de Pascua de Resurrección.*

B. ACSC, *Tumbo B*, f. 282r. En traslado realizado por André Pérez e Afonso Eanes, notarios de Santiago de Compostela.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1102 (n.º 871); González Vázquez 1996: 315; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 653 (n.º 3469); Hernández 2021: v. 2, n.º 3.

Ed.: López Ferreiro 1902: 110 (n.º 40); Torres Fontes 1977: 96 (n.º 1); González Balasch 2004: 643-644 (n.º 358).

**181**

1272, decembro, 18. Madrid.

*Afonso X comunica ao bispo de Mondoñedo ter recibido a denuncia do abade de San Salvador de Vilanova de Lourenzá acusando a don Manrique Xil de expulsalos, a el e aos seus monxes, do mosteiro, usurpando as súas propiedades, e ordena ao citado bispo que restitúa ao abade e monxes na posesión do mosteiro.*

B. AHN, Códices, L. 6622, ff. 156-159. Inserto na orde do bispo de Mondoñedo a don Marique Xil de 11 de febreiro de 1273.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 344-345 (n.º 793); Ballesteros Beretta 1984: 1102 (n.º 874); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 459-460 (n.º 2502).

**182**

1272, decembro, 20. Madrid.

*Afonso X ordena aos seus oficiais no reino de León que axuden ao escudeiro Sancho Suárez, enviado do rei de Aragón, e ao seu porteiro, Xoán Fernández, a recibir os bens que a falecida dona Berenguela Afonso tiña en León e Galicia á hora da súa morte.*

B. ACOu, Monacais, n.º 2086. En entrega do casal de Santa Cristina de Quiroga polo escudeiro Sancho Suárez realizada o 16 de marzo de 1273 no Burgo de Caldelas.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 95 (n.º 1086); Duro Peña 1972: 100 (n.º 332).

Ed.: Lorenzo 2016: 473-474 (n.º 303).

**183**

1272, decembro, 24. Allariz.

*O infante don Sancho sentencia o preito entre o mosteiro de Santa María de Melón e Estevo Rodríguez, veciño de Ribadavia, pola posesión dun casal no couto de Domaio, vendido por este ao abade e do que non puido tomar posesión por telo usurpado Rodrigo Arias. Condénase a Estevo Rodríguez a entregar o casal, a pagar oito moios pola renda non cobrada polo abade durante os catro anos que duraba o preito e a indemnizalo, polas custas, con sesenta marabedís da guerra.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1451, n.º 19. Orixinal. Pergameo, 165 x 380 mm.

B. AHN, Códices, L. 325, ff. 519r-520r. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 345 (n.º 794); Ballesteros Beretta 1984: 1102 (n.º 877); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 653 (n.º 3470); Hernández 2021, v. 2, n.º 4.

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 729; Torres Fontes 1977: 97-98 (n.º 2).

**[183bis]**

1273, febreiro, 6. Villamayor.

*«Carta do infante don Fernando, fillo de Afonso X, aos meiriños para que se respecte o privilexio que ten o mosteiro de Santa María de Meira dado por El-Rei don Fernando».*

Rexestado por Ballesteros Beretta 1984: 1102 (n.º 880), é a única mención que coñezo deste diploma, do que non dan noticia nin Pardo Rodríguez 2009 nin González Jiménez/Carmona Ruiz 2012. Segundo Ballesteros, conservaríase no AHN, no fondo documental correspondente a Santa María de Meira.

**184**

1273, abril, 6. Burgos.

*Afonso X ordena ao adiantado maior de Galicia que faga respectar o dereito do mosteiro de Santa María de Oia a nomear xuíces nos seus coutos, seguindo o ditado polo mesmo monarca o 21 de setembro de 1272.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1803, n.º 18. Copia simple realizada no século XIV.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 345-346 (n.º 795); Pérez-Bustamante 1976: 17 (n.º 21); Ballesteros Beretta 1984: 1103 (n.º 886); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 463 (n.º 2526).

Ed.: Fernández Rodríguez 2004: 231 (n.º 12).

**185**

[1274].

*O infante don Fernando de la Cerda, por denuncia de dona Moor Afonso, ordena aos abades de Santa María de Ferreira de Pallares e Santa María de Aciveiro investigar sobre o roubo de pan e gando realizado nas propiedades da dona por Ares González, fillo de Gonzalo Pérez de Borraxeiros, e os seus homes o 1 de decembro de 1273. Á vista da pescuda, o infante ditamina a favor de doña Moor, ordenando que Ares González lle devolva o valor do roubado.*

Noticia na sentenza definitiva do preito dada por Afonso X o 18 de xullo de 1277.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 349 (n.º 805); Pardo Rodríguez 2009: 231 (n.º 57); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 625 (n.º 3465).

**186**

1274, febreiro, 13. Burgos.

*Afonso X, a petición do bispo de Mondoñedo, traslada a pergameo a súa orde de 25 de decembro de 1271 sobre o pago do tributo dos homes do bispo de Mondoñedo.*

A. ACMD. Pergameos, n.º 43. Orixinal. Pergameo, 205 x 235 mm.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1104 (n.º 919); Cal Pardo 1990: 31 (n.º 43); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 473 (n.º 2601).

Ed.: Cal Pardo 1991: 84; Cal Pardo 1999: 101-102 (n.º 43); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 10v.



**187**

1274, abril, 13. Palencia.

*Afonso X, a petición do mosteiro de Santa María de Montederramo, ordena que non lle sexan peñoradas as vacas «que andaren cerca de su monesterio para su guarda et para adobo de su conuento».*

A. ACOu, Monacais, n.º 1133. Orixinal. Pergameo, 185 x 140 mm.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 99 (n.º 1133); Duro Peña 1972: 100 (n.º 333).

Ed.: Lorenzo 2016: 496-497 (n.º 326).

**188**

1274, abril, 15. Palencia.

*Afonso X, por prometerlle o Concello de Tui, coma outros concellos do reino de León, darlle cada ano un servizo «que montasse tanto como una moneda», e por comprometerse a entregarlle o servizo de dous anos, «de lo que auemos mucho mester para fecho del Imperio», exímeo para sempre do pago de servizos.*

A. ACT. Pergameos 5, n.º 9. Orixinal. Pergameo.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1105 (n.º 932); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 478-479 (n.º 2639).

Ed.: Ballesteros Beretta 1918: 74; Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 11r.

Este documento é tamén o rexestado por González Jiménez/Carmona Ruiz: 478 (n.º 2638), pero como concedido ao Concello de Pontevedra. Segundo estes autores, trátase dun orixinal do Arquivo da Catedral de Tui, «Libro 5.º de privilexios reais», mentres que o do Concello tudense é, como se recolle, o n.º 9 da carpeta n.º 5 de Pergameos.

**189**

1274, abril, 16. Palencia.

*Afonso X doa ao mosteiro de San Salvador de Celanova a metade da igrexa que «agora nuevamente mandé fazer en la mi puebla» de Monterrei, e reserva a presentación da outra metade.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1431, n.º 16. En traslado autorizado o 25 de xaneiro de 1338 por Rodrigo Afonso, alcalde de El-Rei no adiantamento de Galicia, de confirmación de Sancho IV de 1 de maio de 1291.

C. AHN, Clero, Carpeta 1433, n.º 1. En confirmación de Fernando IV de 25 de maio de 1300.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 346 (n.º 796); Ballesteros Beretta 1984: 1105 (n.º 933); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 479 (n.º 2641).

Ed.: Ballesteros Beretta 1918: 74-75; Vaquero Díaz 2004: 107-108 (n.º 67).

**190**

1274, abril, 17. Palencia.

*Afonso X exime para sempre ao mosteiro de Santa María de Monfero do servizo que debía pagarlle anualmente, en recoñecemento por prometerlle dar un servizo «que montasse tanto como una moneda», e que lle pagaría dunha vez o servizo de dous anos, «que era cosa que aviamos mucho mester para fecho del Imperio».*

A. AHN, Clero, Carpeta 501, n.º 10. Orixinal. Pergameo, 200 x 220 mm.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 346 (n.º 797); Ballesteros Beretta 1984: 1105 (n.º 934); López Sangil 2002: 686; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 479 (n.º 2642).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 11v.

**191**

1274, abril, 21. Palencia.

*Afonso X exime aos veciños de Lugo do pago de portádego nos reinos de Castela e León, en especial en Vilafranca do Bierzo e nos portos do Cantábrico.*

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 480 (n.º 2645).

Cit.: García Oro 1991: 54; Portela Silva/García Oro 1997: 266.

**192**

12[74], abril, 23. Palencia.

*Afonso X exime para sempre ao mosteiro de Santa María de Oseira do servizo que debía pagarlle anualmente, en recoñecemento por prometerlle dar un servizo «que montasse tanto como una moneda», e que lle pagaría dunha vez o servizo de dous anos, «que era cosa que aviamos mucho mester para fecho del Imperio».*

B. AHN, Códices, L. 1008 B, f. 9rv. Copia simple.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 346-347 (n.º 798); Ballesteros Beretta 1984: 1106 (n.º 946) [Datándoo no mes de maio]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 483 (n.º 2666).

Ed.: Ballesteros Beretta 1918: 76-77; Romani Martínez 1989: 1013 (n.º 1064).

**[192bis]**

1274, xuño, 26. Santo Estevo de Chantada.

«*Carta de don Afonso X ao cóengo de Lugo sobre a recadación de décimos*».

Así rexestado por Ballesteros Beretta 1984: 1106 (n.º 949), debe tratarse en realidade da concesión ante o cóengo lucense Fernando Afonso, vigairo do deádego, por parte de dous párrocos a un racioneiro do mosteiro de Chantada do décimo do casal de Centulle, con data de 16 de xuño de 1274 (Méndez Pérez/Otero Piñeyro Maseda/Romaní Martínez 2016: 207 (n.º 18).

**193**

1274, outubro, 25. Burgos.

*O infante don Sancho ordena ao seu home Xoán Gato que afore os casais reguengos e ermos que haxa na terra que ten por El-Rei en Galicia.*

B. ACOu, Monacais, n.º 1239. En foro realizado por Xoán Gato, por orde do infante don Sancho e de El-Rei Afonso X, ao mosteiro de Montederramo do monte dos Eirós, na freguesía de Santa María de Cesuris, o 20 de marzo de 1276.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 109 (n.º 1239); Duro Peña 1972: 100 (n.º 334); Hernández 2021, v. 2, n.º 5. Ed.: Lorenzo 2016: 543 (n.º 373).

**194**

1275, marzo, 19. Perpiñán.

*Afonso X, a solicitude do infante don Sancho, ordena a Xoán Gato, home do infante, que afore os casais reguengos e ermos que haxa na terra que don Sancho ten por el en Galicia.*

B. ACOu, Monacais, n.º 1239. En foro realizado por Xoán Gato, por orde do infante don Sancho e de El-Rei Afonso X, ao mosteiro de Montederramo do monte dos Eirós, na freguesía de Santa María de Cesuris, o 20 de marzo de 1276.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 109 (n.º 1239); Duro Peña 1972: 100 (n.º 335); Hernández 2021, v. 2, n.º 7. Ed.: Lorenzo 2016: 543 (n.º 373).

**195**

1276, marzo, 16. Valladolid.

*Alfonso X confirma á vila da Coruña a orde de Fernando III de 29 de xuño de 1249 na que manda que non entre meiriño ningún nin na vila nin no seu alfoz, incluído don Munio Fernández.*

B. AHMAC, Privilexios, nº 3. En confirmación de Sancho IV de 4 de setembro de 1286.

C. AHMAC, Privilexios, nº 4. En traslado da confirmación de Sancho IV realizado por Fernando Eanes, notario da Coruña.

Ed.: González Garcés 2008: 487-490.

González Garcés data o documento o 16 de marzo de 1281 por ler era de mill et CCC et XVIII anos cando, na miña opinión e grazas á reprodución do documento que inclúe na edición, pode lerse mill e CCC e XIII, isto é, 1276, data que se adecúa ao itinerario do monarca, quen pasou o mes de marzo de 1276 en Valladolid, pois o de 1281 estivo por terras sorianas (González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 79 e 86).

**196**

1276, abril, 20. Burgos.

*Afonso X, a petición do mosteiro de Santa María de Montederramo e previa investigación feita por Xoán Gato, home do infante don Sancho, cambia catro «yugue-rías» cerca do cenobio –dúas en Nogueira, unha en Retorta e outra en Escuadro– por cinco do mosteiro nos lugares de Casar do Mato, Sas do Monte, Bustelos, Resoio e Quintela.*

A. ACOu, Monacais, n.º 6248. Orixinal. Pergameo, 180 x 215 mm.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 550 (n.º 6248); Duro Peña 1972: 101 (n.º 336); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 499 (n.º 2771).

Ed.: Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 12r; Lorenzo 2016: 544-545 (n.º 374).

**197**

1276, novembro, 14. Pobra de Valdeorras.

*O infante don Sancho confirma ao mosteiro de Santa María de Melón a vixésima parte dos froitos e rendas do celeiro real de Castrelo de Miño, tal e como llo concedera Afonso IX e confirmado despois tanto Fernando III como Afonso X, e recibe ao mosteiro «en mi guarda e en mi comenda segund dize en una carta abierta que de mi tienen sobre esta razon».*

A. ACOu, Monacais, n.º 1249. Orixinal. Pergameo, 232 x 260 mm.

B. AHN, Clero, Carpeta 1452, n.º 12. En traslado realizado o 5 de xullo de 1278 por Pedro Rodríguez, notario de Ribadavia.

C. AHN, Códices, L. 324, ff. 265v-266r e 279rv. Copia simple.

D. AHPOu, *Tumbo de frei Lourenzo Pérez de 1611*, f. 187rv. Copia simple.

Rex.: Leirós Fernández 1951: 110 (n.º 1249); Sánchez Belda 1953: 347-348 (n.º 801); Duro Peña 1972: 101 (n.º 338); Ballesteros Beretta 1984: 1110 (n.º 1028); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 654 (n.º 3477); Hernández 2021, v. 2, n.º 15.

Ed.: Cambón Suárez 1957: n.º 768.

## 198

1276, novembro, 28. Astorga.

*O infante don Sancho, á vista da confirmación de Afonso X da doazón de Afonso IX á Igrexa de Astorga de varias igrexas reguengas na súa diocese, así como a sentenza emitida por Afonso X, favorable á dita Igrexa, de 30 de abril de 1265, sobre a igrexa de Santa María de Cereixido de Valdeorras, que tomara o infante, devólvea á Igrexa asturicense.*

A. ACAst.: 1-24. Orixinal. Pergameo, 185 x 250 mm.

B. BN, Ms. 713, f. 247.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 654-655 (n.º 3478); Hernández 2021, v. 2, n.º 16.

Ed.: Cavero Domínguez/Martín López 2000: 511-512 (n.º 1385).

## 199

1277, abril, 13. Burgos.

*Afonso X intervén nun preito entre o mosteiro de San Vicente de Monforte e os homes do couto de Ande. Ordena que os que teñen herdades no couto as manteñan pero que non as poidan vender senón a homes do dito couto. Ademais, deben dar ao mosteiro martiñega, tres xantares de seis soldos «della bona moneda», fonsadeira «cuando el rey la echare», loitosa e «raysa», e os outros foros que daban en tempos de Afonso VIII e Fernando III.*

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1111 (n.º 1043); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 513 (n.º 2863).

Copia exactamente o rexesto, traducíndoo ao galego, ofertado por González Jiménez e Carmona Ruiz, que din que a carta de El-Rei está copiada na sentenza do xuíz Xoán Díaz de 18 de agosto de 1285, remitindo, como fai tamén Ballesteros, a un Arquivo do Mosteiro de San Vicente de Monforte actualmente inexistente.

**200**

1277, abril, 21. Burgos.

*Afonso X ordena que no se tomen tributos reais aos monxes e aos vasallos do mosteiro de Santa María de Montederramo.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1493, n.º 5. En confirmación de Sancho IV de 4 de febreiro de 1291 en confirmación de Afonso XI de 16 de decembro de 1311.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 348 (n.º 802); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 513 (n.º 2864).

R. Lorenzo 2016: 1263-1264 (n.º 1015) edita a confirmación de Afonso XI de 1311, se ben o resumo que presenta deste documento non se corresponde co texto que se confirma, que se refire exclusivamente ao mosteiro de Montederramo, e non ao conxunto de mosteiros cistercienses galegos. O dito resumo tómao do que se fai o 12 de xuño de 1334, cando o abade de Montederramo presentou un documento de Afonso X confirmado por Sancho IV (Lorenzo 2016: 1332 (n.º 1077), que debe tratarse do concedido polo Rei Sabio aos mosteiros cistercienses galegos de 26 de abril de 1268 en relación cos concellos do reino galego.

**201**

1277, abril, 23. Burgos.

*Afonso X, a petición dos abades cistercienses de Galicia, ordena aos colledores das peitas reais en terra de León e Galicia que non arrenden esa función a persoas subalternas polo que respecta aos vasallos e lugares dos citados mosteiros para evitar os danos e perdas que a estes se lles producía con tal sistema.*

B. AHN, Clero, Carpeta 544, n.º 3. En copia simple coetánea de confirmación de Sancho IV de 12 de febreiro de 1286.

C. AHN, Clero, Carpeta 544, n.º 4. En traslado da confirmación de Sancho IV de 12 de febreiro de 1286 realizado polo notario Pedro Martínez (século XIV).

Rex.: Sánchez Belda 1953: 348-349 (n.º 803); Ballesteros Beretta 1984: 1111 (n.º 1044); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 513 (n.º 2865).

**202**

1277, abril, 23. Burgos.

*Afonso X, a petición dos abades cistercienses de Galicia, ordena aos concellos das pobras de Galicia e Asturias que non esixan tributos rexios nin municipais aos vasallos deses cenobios.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1627, n.º 12-1. En traslado realizado polo escusador do notario de Ribadeo o 21 de decembro de 1289.

Rex.: Duro Peña 1972: 101 (n.º 337); Álvarez Castrillón (2007): 398 (n.º 193).

Ed.: Ruiz de la Peña Solar 2007: 354-355 (n.º 5).

Baseándose nunha noticia que aparece nun testemuño de 1313, Duro Peña establece a existencia dunha orde que coincide con esta e que el data, sen excesivo convencemento, o 20 de abril de 1276.

### 203

1277, abril, 28. Burgos.

*Afonso X, a petición dos abades cistercienses de Galicia, ordena a don Xoán Fernández, meiriño maior de Galicia, que non lles esixa diñeiro ningún en concepto de xantar senón soamente a «vianda» cando se presente persoalmente neles, que non lles cobre colleita se non é nas mesmas circunstancias e que non lles esixa unha mula por mosteiro, ou a súa equivalencia en diñeiro, como viña facendo.*

B. AHN, Clero, Carpeta 544, n.º 3. En copia simple coetánea de confirmación de Sancho IV de 12 de febreiro de 1286.

C. AHN, Clero, Carpeta 544, n.º 4. En traslado da confirmación de Sancho IV de 12 de febreiro de 1286 realizado polo notario Pedro Martíz (século XIV).

Rex.: Sánchez Belda 1953: 349 (n.º 804); Pérez-Bustamante 1976: 18-19 (n.º 24, 26 e 28) [datando o n.º 24 o día 23 de abril]; Ballesteros Beretta 1984: 1111 (n.º 1045); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 513 (n.º 2866).

### 204

1277, xuño, 28. Burgos.

*Afonso X, a cambio das terzas reais dos arciprestados de Roa, Aza e San Esteban de Gormaz, que tomou para entregarllos a don Simón Ruiz de los Cameros, entrega a dona Urraca Afonso, a súa tía, durante a vida dela, a vila da Coruña, os dereitos e propiedades adquiridos en Oímbra, Ganade e outros lugares en León e Asturias, as terzas dos arciprestados de Pineda e Aranda de Duero, e 500 marabedís situados na «martiniega» de Berlanga de Duero.*

A. AHN, Clero, Carpeta 344, n.º 11.

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 519 (n.º 2901).

### 205

1277, xullo, 18. Burgos.

*Afonso X comunica a don Xoán Fernández, «mio sobriño», meiriño maior de Galicia, a sentenza do preito incoado por dona Moor Afonso contra Ares González, fillo de Gonzalo Pérez de Borraxeiros, ao que acusa de roubarlle pan e gando.*

*O preito foi presentado en primeira instancia ante don Fernando de la Cerda, que ordenou aos abades de Ferreira de Pallares e de Aciveiro investigar sobre os feitos, tras o que o infante ditaminou a favor de dona Moor. Ares González apeou a El-Rei, negando que a pescuda fose feita sen dereito e que o infante don Fernando non escoitase á súa parte. Xa en xuízo, El-Rei reconece a legalidade da investigación, pero dá novo prazo ás partes, para o día primeiro de xullo, a solicitude de don Lope Díaz, de quen Ares González é vasalo. Ante a incomparecencia deste ou do seu procurador, El-Rei dita sentenza a favor de dona Moor e considera probado que o 1 de decembro de 1273 Ares González ou os seus homes lle roubaron cento cincuenta moios de pan, cento cincuenta armentíos e cento cincuenta cabezas de gando menor, ovellas e cabras, polo que ordena que se lle pague o seu valor, descontando o xa devolto, e condena a Ares González nas custas.*

A. AHN, Carpeta 1245, n.º 20. Orixinal. Pergameo, 250 x 433 mm.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 350 (n.º 807); Pérez-Bustamante 1976: 19-20 (n.º 29 e 30) [datando o n.º 29 o día 10 de xullo]; Ballesteros Beretta 1984: 1112 (n.º 1068); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 523 (n.º 2924). Ed.: Grassotti 1981: 287-289.

Sánchez Belda recolle a noticia, dada neste documento, da orde dada a don Xoán Fernández para que comunique a dona Moor Afonso o prazo para que se presente na corte para o proceso, así como para que lle envíen os resultados da investigación sobre o asunto (Sánchez Belda 1953: 349-350 (n.º 806); Pérez-Bustamante 1976: 20 (n.º 32).

## 206

1278, xuño, 8. Segovia.

*Afonso X comunica ás autoridades do bispado de Ourense que enviou a don Abraham aben Xuxén, xenro do almozarife<sup>4</sup> don Moyr, para recadar «todas llas sacas de llas cosas uedadas que sacaron de mío rregno contra mío deffendimiento, e los priuillegios quebrantados e las cartas mías e de llos otros rreys e las cosas descaminadas e llos bienes de aquellos que muriron sin herederos e el mostrenco», tal e como se di nas outras cartas que envía, así como o envío do seu porteiro Pedro Martínez para facer as entregas e tomar os peñores por todo o anterior, e ordena a esas autoridades que os axuden a cumprir a súa tarefa.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1506, n.º 11. Incluído na entrega que Pedro Martínez, porteiro de El-Rei, e Fernando López, porteiro de don Estevo Fernández, meiriño maior de Galicia, fan ao mosteiro de Santa Comba de Naves do couto de Mende e do lugar de San Cibrao.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 350 (n.º 808); Ballesteros Beretta 1984: 1114 (n.º 1111) [Datándoo no mes de maio]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 539-540 (n.º 3032).

Ed.: Dono Lopez 2010: 241-243 (n.º 100).

4. O almozarife era un funcionario encargado do cobro das rendas reais.



**207**

1278, agosto, 6. Caldas de Reis.

*O infante don Sancho confirma aos mestres e canteiros da Obra de Santiago os privilexios que gozan dos reis, os seus antecesores, confirmados por Fernando III e Afonso X, tomándoos baixo a súa garda e defensa.*

A. ACSC, Documentos Soltos, Carpeta 7, n.º 16.

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1115 (n.º 1137); González Vázquez 1996: 315 [datándoo en 1268]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 657 (n.º 3495); Hernández 2021, v. 2, n.º 39.

Ed.: López Ferreiro 1895: 482-483.

**208**

1278, agosto, 18. Tui.

*O infante don Sancho confirma a orde de Afonso X de 18 de xaneiro de 1272 na que lle manda ao adiantado maior de Galicia, don Estevo Fernández, que prohiba diversas actuacións dos meiriños reais nos lugares da Igrexa de Mondoñedo.*

B. ACMd. Pergameos, n.º 59. En traslado ordenado polo propio Sancho IV para pasar o diploma de papel a pergameo de 13 de maio de 1282 en confirmación de Fernando IV de 8 de febreiro de 1305.

C. ACMd. Pergameos, n.º 88. En traslado ordenado polo propio Sancho IV para pasar o diploma de papel a pergameo de 13 de maio de 1282 en confirmación de Fernando IV de 8 de febreiro de 1305 en confirmación de Afonso XI de 20 de setembro de 1329.

D. ACMd. En traslado en papel da confirmación de Fernando IV realizado o 19 de outubro de 1308 por Afonso Eanes, notario de Mondoñedo.

Rex.: Cal Pardo 1990: 36 (n.º 59); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 473 (n.º 2601); Hernández 2021, v. 2, n.º 40.

Ed.: Cal Pardo 1999: 131-133 (n.º 59) e 206-208 (n.º 88).

**209**

1278, outubro, 26. Toledo.

*Afonso X ordena ao su meiriño maior de Galicia, don Estevo Fernández, e aos meiriños deste nas terras de Monterroso e Ulloa que devolvan á Orde de Santiago e ao seu mestre, don Pedro Muñiz, as herdades usurpadas aos priores e comendadores da Orde por cabaleiros, donas e outras persoas do reino de Galicia.*

B. AHN, San Marcos, Carpeta 375, n.º 64. En traslado realizado por Lourenzo Freire, notario das terras de Monterroso e Ulloa.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 350 (n.º 807); Pérez-Bustamante 1976: 21 (n.º 37); Ballesteros Beretta 1984: 1116 (n.º 1153); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 545 (n.º 3068).  
Ed.: Novo Cazón 1986: 260-261 (n.º 55).

## 210

1279, xullo, 28. Sevilla.

*Afonso X exime ao bispo e ao cabido de Tui da obriga de albergar a ninguén nas casas da súa propiedade tanto na cidade como no resto do bispado.*

B. ACT. Pergameos 3, n.º 11. En confirmación de Sancho IV de 20 de maio de 1282.

Rex.: Galindo Romeo 1923: 45; Ballesteros Beretta 1984: 1117 (n.º 1181); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 553 (n.º 3125).

## 211

1279, agosto, 5. Sevilla.

*Afonso X confirma á Igrexa de Tui a confirmación de Afonso VII de 1 de decembro de 1156 na que confirma a división dos bens da catedral entre bispo e cabido, e ordena que valga «salvo ende en aquelas cosas que pertencen al señorío da villa de Tuy», para o que debe observarse a sentenza dada sobre o señorío da cidade por Fernando III de 4 de xullo de 1250.*

A. ACT. Pergameos 1, n.º 12. En traslado notarial de 1325.

Rex.: Galindo Romeo 1923: 40; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 554 (n.º 3130).

## 212

[1279], novembro, 14. Sevilla.

*Afonso X, por denuncia do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, que se queixa de que os meiriños da terra de Caldelas e o Concello do Burgo de Caldelas demandan fonsadeira aos homes do couto monástico, e tendo mostrado o mosteiro privilexio de Afonso VII, confirmado por Afonso IX e Fernando III, no que se entregaba a Santa Cristina todas as peitas reais, salvo moeda, privilexio que, por «pobreza nunca me lo vinieron mostrar», ordena que non se tome colleita nin fonsadeira aos moradores do couto do mosteiro, que cobrará o cenobio, e prohíbe así mesmo que acudan á hoste que sexa convocada polo Concello do Burgo de Caldelas ou por calquera rico-home ou cabaleiro.*

B. ACOu, Monacais, n.º 1777. En confirmación de Fernando IV de 3 de xullo de 1304.

C. ACOu, Monacais, n.º 1867. En traslado realizado en decembro de 1310 por Xoán Fernández, notario do couto e mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, da confirmación de Fernando IV de 3 de xullo de 1304.

Rex.: Duro Peña 1972: 101-102 (n.º 339); Fernández Suárez (1974): n.º 17.

Ed.: Rodríguez Muñiz 2010: 117-118 (n.º 19).

A data que figura na confirmación de Fernando IV é: *Dada en Seuilla, XIIIº dias de nouembro, era de mill e CCC e catorçe anos*. Así pois, tanto o seu editor como os que o rexestaron datan o documento en decembro de 1276, se ben neses momentos o Rei Sabio non se atopaba en Sevilla senón en Vitoria (González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 80). O redactor da carta foi Alfonso Pérez de la Cámara, quen traballa na chancelaría real entre 1278 e 1282, facendo unha a favor do cabido de Salamanca en Sevilla o 15 de outubro de 1279 (Kleine 2015: 303), co que considero que foi este ano cando se redactou este diploma, cuxa data foi mal copiada na confirmación de 1304 (*XVI* tería sido transcrito por *catorçe*), podendo ser tamén que estivese errada no orixinal (poñendo *XIV* en lugar de *XVI*).

### 213

1280, outubro, 6. Sevilla.

*Afonso X exime aos veciños de Lugo de ser peñorados ou encarcerados por débeda coa cámara real.*

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 565 (n.º 3206).

Cit.: García Oro 1991: 54; Portela Silva/García Oro 1997: 266.

### 214

1281, febreiro, 21.

*Afonso X, por denuncia do mosteiro de San Salvador de Celanova, ordena aos recadadores de tributos reais en Galicia que non cobren fonsadeira nas terras do dito cenobio posto que nunca a pagaran antes e, de tela cobrado, que lla devolvan.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1432, n.º 15. En confirmación de Sancho IV de 25 de abril de 1291.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 351 (n.º 809); Ballesteros Beretta 1984: 1120 (n.º 1243); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 569 (n.º 3227).

Ed.: Vaquero Díaz 2004: 111 (n.º 72).

### 215

1281, marzo, 10. San Esteban de Gormaz.

*Afonso X, a cambio das vilas de Serpa, Moura e Mourão, entrega á Orde de San Xoán do Hospital a igrexa de Santa María de Castrelo de Miño.*

Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1120 (n.º 1251); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 570 (n.º 3238).  
Ed.: CDH-RAG 1915: 134-135 (n.º 37); González Jiménez 1991: 501-502 (n.º 478); De Ayala Martínez (ed.) 1995: 577-578 (n.º 356); García Tato 2004: 185 (n.º 86).

## 216

1281, marzo, 10. San Esteban de Gormaz.

*Afonso X comunica aos habitantes da terra de Quiroga que doou esta á Orde de San Xoán do Hospital, con todo o seu señorío, os seus portádegos e todos os impostos rexios, salvo xantar e moeda foreira, e ordénalles que llelos entreguen aos freires da Orde a partir de agora.*

B. ARG, Real Audiencia - Ejecutorias, Atado 7980, ff. 131r-133r. En traslado realizado polo notario Antonio López. Ed.: García Tato 2004: 181-182 (n.º 82) [Datándoo en 1271] e 186 (n.º 87).

## 217

1281, marzo, 10. San Esteban de Gormaz.

*Afonso X, vendo que os castelos de Serpa, Moura e Mourão eran da Orde do San Xoán do Hospital pero que cumprían ao señorío real, así como a relación de bens que lle entregara á dita Orde, de 10 de agosto de 1271, que inclúe, e o nomeamento de procuradores por parte da Orde, de 10 de outubro de 1280, que tamén inclúe, formaliza o cambio dos ditos castelos aos sanxoanistas por, entre outros lugares, bens e rendas, a igrexa de Santa María de Castrelo de Miño e a terra de Quiroga, salvo xantar e moeda nela.*

B. ANTT, Gaveta 14, Maço 1, n.º 9. En confirmación de Sancho IV de 15 de marzo de 1285.  
Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 571 (n.º 3242).  
Ed.: González Jiménez 1991: 502-508 (n.º 479); De Ayala Martínez (ed.) 1995: 578-581 (n.º 357); García Tato 2004: 186-188 (n.º 88).

## 218

1281, marzo, 19. Ágreda.

*Afonso X confirma ao priorado de San Xoán de Caaveiro a carta de couto a favor do cenobio realizada por Afonso VII o 6 de maio de 1135, que inclúe.*

Ed.: Fernández de Viana y Vieites/González Balasch 2002: 355 (n.º 17).

**219**

1281, marzo, 19. Ágreda.

*Afonso X confirma ao priorado de San Xoán de Caaveiro a doazón de Fernando II da igrexa de Santa María de Ribadeume e do lugar de Bermui de 23 de outubro de 1164, que inclúe.*

B. AHN, Clero, Carpeta 491, n.º 10. En copia simple de confirmación de Sancho IV de 21 de setembro de 1286.  
 Rex.: Sánchez Belda 1953: 351 (n.º 810); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 572 (n.º 3245).  
 Ed.: Fernández de Viana y Vieites/González Balasch 2002: 355 (n.º 18).

**220**

1281, marzo, 28. Ágreda.

*Afonso X ordena a Gutierre Pérez, «mio omme», que obrigue ao Concello de Monterrei a respectar os dereitos do mosteiro de Santa María de Melón en Vila maior da Xironda, que o cenobio posúe por doazón de dona Estefanía.*

B. AHN, Clero, Carpeta 1453, n.º 3. En traslado realizado por Pedro Rodríguez, notario de Ribadavia.  
 Rex.: Sánchez Belda 1953: 351 (n.º 810); Ballesteros Beretta 1984: 1121 (n.º 1259); González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 573 (n.º 3258).  
 Ed.: Ruiz de la Peña Solar 2007: 355 (n.º 6).  
 A sentenza que tanto Sánchez Belda 1953: 352 (n.º 812) como Ballesteros Beretta 1984: 1121 (n.º 1268) atribúen a Afonso X dáa, en realidade, o seu *omme*, Gutierre Pérez, a quen o monarca dirixe esta carta. A sentenza foi emitida a favor do mosteiro na mesma vila de Monterrei o 15 de maio de 1281, e ordena que os habitantes de Vilamaior da Xironda deben ser vasallos de Santa María de Melón e non veciños de Monterrei.

**221**

1281, agosto, 20. Sevilla.

*Afonso X ordena que os obreiros da Obra de Santiago queden exentos do pago de toda peita, servizo e moeda, segundo o están por privilexio concedido por Afonso IX e confirmado por Fernando III.*

A. ACSC, Documentos Soltos, Carpeta 7, n.º 16.  
 Rex.: Ballesteros Beretta 1984: 1122 (n.º 1276); González Vázquez 1996: 315; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 437 e 577 (n.º 2355, 3281 e 3282) [Os tres rexestos son do mesmo documento, datando o primeiro (n.º 2355) en 1271].  
 Ed.: López Ferreiro 1895: 481-482.

222

1281, setembro, 23. Sevilla.

*Afonso X ordena ao seu home Gutierre Pérez, «o aquel que andare por mi en Gallizia», que devolva ao mosteiro de Santa María de Ferreira de Pallares o que lle tomaran don Estevo Fernández, adiantado maior de Galicia, e os seus meiriños de Monterroso e Pallares, e que se respecten os privilexios do cenobio.*

A. AHN, Clero, Carpeta 1094, n.º 7. Orixinal. Pergameo, 170 x 227 mm.

Rex.: Sánchez Belda 1953: 352 (n.º 813); Pérez-Bustamante 1976: 23 (n.º 42); Ballesteros Beretta 1984: 1099 (n.º 807) [Datándoo en 1271]; González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 578-579 (n.º 3285 e 3284) [Datándoos respectivamente o 28 de setembro e o 23 de decembro].

Ed.: Rey Caiña 1985: 710-711 (n.º 313); Herrera/Sánchez/González de Fauve/Zabia 1999: AGA 12v.

223

1282, [outubro], 13. Córdoba.

*O infante don Sancho concede a don Paio Gómez Chariño os dereitos que posuía na aldea de Riego del Camino, salvo xustiza e moeda foreira.*

Rex.: González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 669 (n.º 3571); Hernández 2021, v. 2, n.º 240.

Ed.: De Ayala Martínez (ed.) 1995: 581-582 (n.º 358).

O mes de febreiro de 1282 o infante don Sancho non estaba en Córdoba senón en terras do reino de León: o día 9 estaba en Toro, e ese mesmo 13 dátase outro documento en Benavente, o 16 en Béjar e o 19 en Toledo, como amosan González Jiménez/Carmona Ruiz 2012: 669-670, se ben estes autores consideran que don Sancho estaba entón en Córdoba, baseándose na data deste diploma. Máis conveniente parece datalo no mes de outubro, cando o infante estivo na cidade andaluza, como fai F. J. Hernández, quen considera, ademais, que «o nomeamento de Pai Gómez Chariño como almirante polo infante Sancho carece de sentido antes de abril de 1292». Por outra banda, o lugar concedido é Riego del Camino, na actual provincia de Zamora, segundo consta nas contas de don Sancho, xa rei, de 1292: *Riego, çerca de Çamora [...] tiénelos, por heredamiento, don Pay Gomez* (Hernández 1993: I, 191).

## ÍNDICE TOPONÍMICO

Indícanse cos números en cursiva os topónimos dos lugares nos que foron emitidas as cartas reais recollidas no índice.

### A

Aciveiro, Santa María de: antigo mosteiro no lugar de Mosteiro, freguesía de Santa María de Aciveiro, concello de Forcarei, provincia de Pontevedra: 185, 205.

Ágreda: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Soria: 218, 219, 220.

Águilar de Campoo: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Palencia: 44.

Alba de Aliste: antiga terra na actual provincia de Zamora, con cabeza no castelo de Castelo de Alba, concello de Losacino: 60.

Alba de Búbal: antigo castelo na freguesía de San Pedro de Trasalba, concello de Amoeiro, provincia de Ourense: 47.

Alcañices: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Zamora: 60.

Aldeanueva de Figueroa: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Salamanca: 74.

Algavali: aldea desaparecida do termo de San Juan de Aznalfarache, provincia de Sevilla: 99.

Aliste: antiga terra na actual provincia de Zamora, con cabeza na vila de Alcañices: 42.

Aljarafe: rexión do antigo alfoz de Sevilla, na actual provincia de Sevilla: 11.

Allariz: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Ourense: 111, 183.  
—Concello de: 128.

Ambroa: freguesía de San Tirso de Ambroa, concello de Irixoa, provincia da Coruña: 127.

Antealtares, San Paio de: antigo mosteiro na rúa do seu nome, na cidade de Santiago de Compostela, concello de Santiago de Compostela, provincia da Coruña: 124.

Aragón, reino de: 182.

Aranda: antigo arciprestado da diocese de Osma, con centro na vila de Aranda de Duero, concello de Aranda de Duero, provincia de Burgos: 204.

Arbo, San Pedro de: lugar desaparecido na freguesía de Santa María de Arbo, concello de Arbo, provincia de Pontevedra: 40.

Arbo, Santa María de: freguesía do concello de Arbo, provincia de Pontevedra: 35.

Arévalo: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Ávila: 111, 112.

Armenteira, Santa María de: antigo mosteiro no lugar de Vilar, freguesía de Santa María de Armenteira, concello de Meis, provincia de Pontevedra: 160, 161.

Arzón, San Cristovo de: freguesía do concello de Negreira, provincia da Coruña: 83, 84.

Astorga: cidade cabeza do concello do seu nome, provincia de León: 198.  
—Bispado de: 42.

—Igrexa de: 145, 198.

Asturias: 17, 100, 168, 202, 204.

Atás: lugar da freguesía de Santa María de Atás, concello de Cualedro, provincia de Ourense: 66.

*Auercere: sine loc.:* 61.

Axerquía: antigo barrio da cidade de Córdoba: 123.

Aza: antigo arceprestado da diocese de Osma, con centro na vila de Aza, concello de Aza, provincia de Burgos: 204.

Aznalfarache (99): *vide* San Juan de Aznalfarache.

## **B**

Badajoz: cidade cabeza do concello e provincia do seu nome: 7, 8, 9, 150.

Baíste: actual freguesía de Santa María de Baíste, concello de Avión, provincia de Ourense: 30.

Bama: antiga terra e arceprestado do arcebispado de Santiago que se estendía, cando menos e en todo ou en parte, polos actuais concellos do Pino, Arzúa e Touro, provincia da Coruña: 10.

Barcia: lugar da freguesía de Santa María de Quins, concello de Melón, provincia de Ourense: 31.

—Santa María de: antigo mosteiro supostamente antecesor do de Santa María de Melón: 30.

Barciademera: actual freguesía de San Martiño de Barcia de Mera, concello de Covelo, provincia de Pontevedra: 38.

Bares: actual lugar de Porto de Bares, freguesía de Santa María de Bares, concello de Mañón, provincia da Coruña: 122.

Belesar: lugar da freguesía de San Bartolomeu de Belesar, concello de Chantada, provincia de Lugo: 46.

Benavente: cidade cabeza do concello do seu nome, provincia de Zamora.

—Foral de: 18, 67, 126, 170.

Berlanga de Duero: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Soria.

—Martiniega de: 204.

Bermui, Santiago de: freguesía do concello das Pontes de García Rodríguez, provincia da Coruña: 116, 219.

Betanzos: vila cabeza do concello do seu nome, provincia da Coruña: 60, 87, 109.

Bezoucos: antiga terra que se estendería aproximadamente polos actuais concellos de Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, A Capela e As Pontes de García Rodríguez, provincia da Coruña: 170.

Bragança: cidade cabeza do concello e do distrito do seu nome (Portugal): 141.

Bribes, San Cibrán de: antigo mosteiro no lugar do Mosteiro, freguesía de San Cibrán de Bribes, concello de Cambre, provincia da Coruña: 142.



- Brihuega: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Guadalajara: 96.
- Brul: regato afluente do río Miño pola dereita, tamén chamado de Outeiro, que decorre polos concellos de Melón e Ribadavia: 25.
- Búbal: antiga terra na actual provincia de Ourense, entre os ríos Búbal, Miño e Barbantiño.  
—Xuíz de: 5.
- Bugariña: monte na actual freguesía de San Salvador de Prado, concello de Covelo, provincia de Pontevedra: 33.
- Burgo de Caldelas: hoxe lugar do Burgo, freguesía de San Pedro do Burgo, concello de Castro Caldelas, provincia de Ourense.  
—Concello de: 212.
- Burgo, San Vicente do: freguesía do concello de Lugo, provincia de Lugo: 96.
- Burgos: cidade cabeza do concello e provincia do seu nome: 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 166, 167, 177, 178, 179, 184, 186, 193, 196, 199, 200, 201, 202, 203, 204, 205.  
—Catedral de: 21.
- Burgueira: actual freguesía de San Pedro de Burgueira, concello de Oia, provincia de Pontevedra: 179.
- Bustelos: lugar da freguesía de Santiago da Medorra, concello de Montederramo, provincia de Ourense: 196.

## C

- Caamouco, San Vicente de: freguesía do concello de Ares, provincia da Coruña: 112.
- Caaveiro, San Xoán de: antigo priorado agostiño no lugar do Coto, freguesía de Santiago da Capela, concello da Capela, provincia da Coruña: 116, 218, 219.
- Cádiz: cidade cabeza do concello e provincia do seu nome: 100.
- Caldas de Reis: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Pontevedra: 207.
- Caldelas: antiga terra que se estendía, en todo ou en parte, polos actuais concellos da Teixeira, Castro Caldelas, San Xoán de Río, Chandrexa de Queixa, Montederramo e Parada de Sil, provincia de Ourense: 212.
- Cando: freguesía de San Tirso de Cando, concello de Outes, provincia da Coruña: 81, 82.
- Cans: actual freguesía de Santo Estevo de Cans, concello do Porriño, provincia de Pontevedra: 31.
- Cantábrico, mar.  
—Portos do: 191.
- Cantillana: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Sevilla: 154.
- Carboeiro, San Lourenzo de: antigo mosteiro no lugar do Mosteiro, freguesía de Santa María de Carboeiro, concello de Silleda, provincia de Pontevedra: 8, 57, 58.

- Carnota: antiga terra que se estendía polos actuais concellos de Mazaricos, Carnota, Muros e Outes, provincia da Coruña, tendo a súa cabeza no castelo de San Xurxo: 83, 85.
- Carracedo, Santa María de: antigo mosteiro no lugar de Carracedo del Monasterio, concello de Carracedelo, provincia de León: 115.
- Carrión: vila, hoxe Carrión de los Condes, cabeza do concello do seu nome, provincia de Palencia: 45, 46.
- Casar do Mato: lugar da freguesía de Santa María de Cristosende, concello da Teixeira, provincia de Ourense: 196.
- Castela, reino de: 23, 191.  
—Adiantado maior de: 121.
- Castela: antiga terra na actual provincia de Ourense, ao oeste do río Barbantiño.  
—Xuíz de: 5.
- Castrelo de Miño: antiga demarcación que comprendería o actual termo municipal de Castrelo de Miño e talvez a freguesía de San Paio de Ventosela, concello de Ribadavia, provincia de Ourense: 70.  
—Celeiro real: na freguesía de Santa María de Castrelo de Miño, concello de Castrelo de Miño, ou na de San Paio de Ventosela, concello de Ribadavia, provincia de Ourense: 34, 197.
- Castrelo de Miño, Santa María de: freguesía do concello de Castrelo de Miño, provincia de Ourense: 172, 215, 217.
- Castro de Ouro: lugar da freguesía de San Salvador do Castro de Ouro, concello de Alfoz, provincia de Lugo: 126.  
—Concello de: 171.
- Castro de Rei, Santa María de: antigo mosteiro no lugar da Enxamea, freguesía de Santa María de Castro de Rei de Lemos, concello de Paradela, provincia de Lugo: 61.
- Castro Urdiales: vila cabeza do concello do seu nome, C. A. de Cantabria: 86, 113.
- Castromonte: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Valladolid: 60.
- Castroverde: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Lugo.  
—Meiriño de: 155.
- Celanova, San Salvador de: antigo mosteiro na vila de Celanova, freguesía de San Rosendo de Celanova, concello de Celanova, provincia de Ourense: 48, 49, 65, 189, 214.
- Centulle: lugar da freguesía de San Xurxo de Asma, concello de Chantada, provincia de Lugo: 192bis.
- Cereixido de Valdeorras, Santa María de: freguesía do concello de Quiroga, provincia de Lugo: 145, 198.
- Cerrajas: *alquería sine loc.* no antigo termo de Facialcázar: 91.

- Chamosiños: lugar da freguesía de Santa Baia de Chamosiños, concello de Trasmiras, provincia de Ourense.  
—Celeiro real de: 180.
- Chantada: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Lugo.  
—Feira de: 120.
- Chantada, San Salvador de: antigo mosteiro no lugar da Portada, freguesía de San Salvador de Asma, concello de Chantada, provincia de Lugo: 119, 120, 192bis.
- Chantada, Santa María de: actual Santa María de Regueira, freguesía do concello de Oza dos Ríos, provincia da Coruña: 142.
- Chantada, Santo Estevo de: lugar da freguesía de San Salvador de Asma, concello de Chantada, provincia de Lugo: *192bis*.
- Chavín, Santa María de: freguesía do concello de Viveiro, provincia de Lugo: 110.
- Chouzán, Santo Estevo de: antigo mosteiro no lugar de Chouzán, freguesía de Santo Estevo de Chouzán, concello de Carballedo, provincia de Lugo: 167.
- Ciudad Real: cidade cabeza do concello e provincia do seu nome: *148*.
- Córdoba: cidade cabeza do concello e provincia do seu nome: *223*.  
—Axequia: 123B.  
—Convento de San Clemente de: 123B.
- Coruña, A: cidade cabeza do concello e provincia do seu nome: 86, 87, 92, 195, 204.  
—Concello de: 18, 92.
- Courel: antiga terra e encomenda da Orde de Santiago que comprendería o actual concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo.  
—Comendador de: 63.
- Couso, Santa María de: freguesía do concello de Avión, provincia de Ourense: 39.
- Covarrubias: vila cabeza do concello do seu nome, provincia de Burgos: 76, 77, 78, 79.

## D

- Domaio: freguesía de San Pedro de Domaio, concello de Moaña, provincia de Pontevedra: 183.
- Dozón, terra de: antiga terra que se estendería aproximadamente polo actual concello de Dozón, provincia de Pontevedra.  
—Concello de: 5.
- Dozón, Santa María de: freguesía do concello de Dozón, provincia de Pontevedra: 5.
- Duio, San Martiño de: freguesía do concello de Fisterra, provincia da Coruña: 83, 85.
- Duio, San Salvador de: antiga freguesía, hoxe incluída na de San Martiño de Duio, concello de Fisterra, provincia da Coruña: 83, 85.

**E**

Escuadro: lugar da freguesía de Santa Baia de Castro de Escuadro, concello de Maceda, provincia de Ourense: 196.

Esla: río afluente do río Douro, pola súa dereita, que rega as provincias de León e Zamora: 14.

**F**

Facialcázar: antigo lugar do alfoz da cidade de Sevilla, entre Utrera e El Coronil, provincia de Sevilla; 16, 91, 99.

Faro: antiga terra na actual provincia da Coruña que tiña a súa cabeza no castelo de Faro, actual Torre de Hércules: 43.

Ferreira de Pallares, Santa María de: antigo mosteiro no lugar de Ferreira, freguesía de Santa María de Ferreira de Pallares, concello de Guntín, provincia de Lugo: 12, 162, 185, 205, 222.

Fiães, Santa María de: antigo mosteiro na freguesía de Santa María de Fiães, concello de Melgaço, distrito de Viana do Castelo (Portugal): 160, 161.

Forno Telleiro: viña *sine loc.* nas proximidades da vila de Ribadavia, concello de Ribadavia, provincia de Ourense: 81.

Francelos: lugar da freguesía de San María Madanela de Francelos, concello de Ribadavia, provincia de Ourense: 29, 41.

Francia, reino de: 88, 89.

Furco, San Salvador de: freguesía hoxe desaparecida, no concello de Becerreá, provincia de Lugo: 59.

**G**

Galicia: reino de: 16, 100, 168, 172, 182, 193, 194, 201, 202, 203, 209, 214, 222.

—Adiantado maior de: 160, 161, 162, 174, 175, 184, 208, 222.

—Meiriño maior de: 12, 114, 115, 118, 127, 163, 203, 205, 209.

Ganade: lugar da freguesía de San Bartolomeu de Ganade, concello de Xinzo de Limia, provincia de Ourense: 204.

Guadalajara: cidade cabeza do concello e provincia do seu nome: 170.

Guisande: pesqueira no río Miño, na freguesía de Santa María de Arbo, concello de Arbo, provincia de Pontevedra: 40.

Guntín, San Salvador de: freguesía do concello de Guntín, provincia de Lugo: 162.

**I**

Iria, Santa María de: antiga colexiata no lugar de Iria Flavia, freguesía de Santa María de Iria Flavia, concello de Padrón, provincia da Coruña: 80.

**J**

Jerez de la Frontera: cidade cabeza do concello do seu nome, provincia de Cádiz: 157, 158, 159, 160, 161.

**L**

Laias: lugar da freguesía de Santa Baia de Laias, concello de Cenlle, provincia de Ourense.

—Celeiro real de: 180.

